

# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CEIPP Sta. M<sup>a</sup> do Castro



Departamento de Orientación  
Aprobado en DO o 29/05/2023

## **ÍNDICE DE CONTIDO**

### **1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.**

### **2. MARCO LEGAL.**

### **3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.**

### **4. OBXECTIVOS.**

### **5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

#### **5.1. ACTIVIDADES DE CARÁCTER XERAL.**

5.1.1. Identificación temperá e prevención primaria

5.1.2. Escolarización inicial

5.1.3. Avaliación inicial

5.1.4. Avaliación psicopedagóxica

#### **5.2. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS XERAIS.**

5.2.1. Recursos organizativos.

5.2.2. Medidas de atención á diversidade.

5.2.3. Plan de Acollida.

#### **5.3. PLAN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.**

#### **5.4. PLAN DE AUDICIÓN E LINGUAXE.**

### **6. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.**

6.1. RECURSOS MATERIAIS.

6.2. RECURSOS PERSOAIS.

6.3. CRITERIOS PARA ESTABLECER OS APOIOS.

### **7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.**

7.1. TITOR/A.

7.2. PROFESORADO ESPECIALISTA EN PT E MESTRE ESPECIALISTA EN AL.

7.3. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

7.4. EQUIPOS DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO.

7.5. EQUIPO DIRECTIVO.

**8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.**

8.1. PLAN DE ADAPTACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL.

8.2. COORDINACIÓN EDUCACIÓN INFANTIL-PRIMARIA.

8.3. COORDINACIÓN EDUCACIÓN PRIMARIA-SECUNDARIA.

**9. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.**

9.1. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA E FAMILIA.

9.2. CONCELLO.

9.3. SERVIZOS DEPENDENTES DO SERGAS.

9.4. OUTROS CENTROS.

**10. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.**

10.1. PROCEDEMENTO PARA SOLICITAR A INTERVENCIÓN DO DO.

10.2. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR AS ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS.

**11. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.**

**12. ANEXOS.**

## **1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.**

Vivimos nun mundo complexo e cambiante froito da globalización e dos movementos migratorios de persoas, ideas e bens de consumo. A diversidade é unha realidade social e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada un dos alumnos, de cada familia, de cada un dos profesores, e tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

O **Plan Xeral de Atención á Diversidade** é o documento no que se articula a atención á diversidade E A Equidade na Educación, á que se refire o título II da **Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, de educación.**

En consecuencia á transferencia das competencias en materia educativa establecida polo Estatuto de Autonomía de Galicia, para o noso centro será de aplicación o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, así como a Orde do 3 de setembro de 2021, pola que se desenvolve dito decreto.**

Estes documentos teñen por obxecto regular a atención á diversidade do alumnado, coa finalidade de facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumna e alumno e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais. Entendendo por **atención á diversidade** o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais de todo o alumnado. Sendo necesario concretar e planificar todas estas actuacións e medidas, o cal farase a través do presente **Plan Xeral de Atención á Diversidade.**

Para esta concreción teremos que ter en conta o **contexto** no que nos desenvolvemos. O CEIPP Sta. M<sup>a</sup> do Castro está situado en Cabo de Cruz, no concello de Boiro, do que dista aproximadamente 5 quilómetros.

As **familias** da zona residen en vivendas unifamiliares, moitas veces convivindo con outros membros coma os avós/as. O nivel socioeducativo das familias é moi heteroxéneo. A lingua maioritaria nesta zona é o galego.

O **centro** imparte as ensinanzas correspondentes o 2º ciclo da Educación Infantil e aos 3 ciclos da Educación Primaria. É un centro dunha soa liña, podendo darse algunha variación de ano en ano, o número de alumnado ronda os 140 alumnos e alumnas. O horario lectivo é de xornada continua de 9:35 a 14:35, realizándose en algúns cursos, actividades extraescolares polas tardes organizadas pola ANPA. Tamén hai servizo de comedor, xestionado pola AMPA.

En canto o **profesorado**, o centro conta con titores/as e especialistas (relixión, orientación e audición e linguaxe itinerantes) somos un total de 18 docentes.

En xeral o **alumnado** do centro é variado en canto a intereses, motivacións, capacidades e necesidades. A maioría son galego falantes. Unha boa parte do alumnado emprega o transporte escolar.

O centro está adscrito ao IES A Cachada, co que mantemos varios contactos ao longo do curso que nos permiten seguir liñas de actuación comúns e procurar que a transición entre a etapa de Primaria e Secundaria sexa o menos traumática posible.

## **2. MARCO LEGAL.**

- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro de Educación.
- Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de protección xurídica do menor.
- Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.
- Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordo-cegas.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
- Lei 5/2000, do 12 de xaneiro, regulador da responsabilidade penal dos menores.
- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. (NON ESTÁ EN VIGOR O ANEXO).
- Lei 5/1996, de 6 de xuño, sobre o acceso ó entorno de persoas con deficiencias visuais.
- Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos.
- Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.
- Real Decreto 1494/2007, do 12 de novembro, polo que se aproba o regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social.
- Real Decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e salificación do grado de minusvalía.
- Real Decreto 3250/1983, do 7 de decembro, polo que se regula o uso de cans guía para deficientes visuais.
- DECRETO 13/2022, de 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado.
- DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia



## Plan Xeral de Atención á Diversidade – CEIPP Sta. M<sup>a</sup> do Castro

- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.
- Decreto 99/2006, do 15 de xuño, polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado.
- Decreto 78/2004, do 2 de abril, polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Inmigración e da Loita contra o Racismo.
- Decreto 436/2003, do 11 de decembro, polo que se crea a Comisión Interdepartamental de Apoio á Inmigración.
- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 69/1998 do 26 de febreiro polo que se regula a atención temperá a discapacitados en Galicia.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Orde de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde EDU/2949/2010, de 16 de novembro, pola que se crea o Foro para a Inclusión Educativa do Alumnado con Discapacidade e se establecen as súas competencias, estrutura e réxime de funcionamento.
- Orde do 25 de xuño do 2009, pola que se regula a avaliación na Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- .ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das



calificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato

- Orde do 17 de xullo de 2007, pola que se regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- DECRETO 8/2015, de 8 de enero, por el que se desarrolla la Ley 4/2011, de 30 de junio, de convivencia y participación de la comunidad educativa en materia de convivencia escolar.
- Orde do 18 de xuño do 1985, do Ministerio da Presidencia do Goberno, sobre uso de cans guía para deficientes visuais.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Circular 10/2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sobre o profesorado itinerante.
- Resolución de 18 de decembro de 1986, da Dirección Xeral de Traballo, pola que se dispón a publicación do Convenio Colectivo para o persoal laboral de Educación Especial dependente do Ministerio de Educación e Ciencia.
- Convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Organización Nacional de Cegos Españois para o





establecemento de medidas encamiñadas á atención das persoas discapacitadas visuais.

- Acordo de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e a Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) para favorecer a atención educativa ao alumnado con síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.

#### PRINCIPAIS PROTOCOLOS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN EN RELACIÓN COA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva
- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual
- Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)
- Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario

### **3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES**

Antes de iniciar o deseño do plan e establecer os obxectivos básicos do noso centro en canto á atención á diversidade, é preciso realizar unha análise do contexto educativo que nos permita establecer o marco no que se vai desenvolver e identificar as necesidades do centro no seu conxunto para formular os obxectivos a acadar. Para iso, dende o Departamento de

Orientación en colaboración co claustro realizamos unha valoración das necesidades a partir de diversos ámbitos:

- **Contexto ambiental do centro:** localización, características do entorno socio cultural, equipamentos e recursos da comunidade,...
- **A nivel de centro e profesorado:** estrutura e organización (etapas educativas, servizos que presta, órganos de goberno e coordinación docente, obxectivos do centro, recursos docentes, número e participación do profesorado, medidas de atención á diversidade, acción tutorial, actitude ante a orientación...), revisión normativa, análise dos documentos do centro (Proxecto Educativo, Programación Xeral Anual, Plan de Acción Tutorial, Plan de Orientación, Plan de Atención á Diversidade, Memoria anual do ano anterior),... onde se recollerá a atención á diversidade, tanto no referente a aspectos organizativos, curriculares, como os relativos á concepción educativa, xa que un centro que pretenda atender á diversidade partirá de principios como a normalización e inclusión, para lograr a non discriminación e igualdade de todo o alumnado. Así, analizamos aspectos **organizativos** como a organización dos recursos persoais e materiais (fórmulas de traballo cooperativo entre os distintos sectores da comunidade educativa, selección ampla e variada de materiais), organización do espazo escolar (ambientes estimulantes, cómodos e acolledores, organización flexible e funcional dos espazos,...), organización dos apoios. Tamén aspectos **curriculares** como a adecuación e secuenciación de obxectivos e contidos, revisión e adecuación de criterios metodolóxicos, criterios de avaliación e promoción, instrumentos de avaliación, establecemento do proceso de identificación e valoración dos/as alumnos/as con necesidades educativas de apoio específico, actividade orientadora e tutorial, medidas de atención á diversidade, programación didáctica, actividades complementarias e extraescolares.
- **Familias:** participación e colaboración co centro,...
- **Alumnado:** número de alumnos/as, situación persoal, alumnos/as con necesidades educativas específicas, tipo de necesidades,...

Así, a partir desta análise do contexto, xunto coas demandas efectuadas pola comunidade educativa, determinamos as **principais necesidades** en canto á atención á diversidade no centro, as cales podemos clasificar en catro niveis:

■ **Necesidades relativas ao centro:**

- Maior participación na planificación educativa.
- Continuar coa participación en proxectos de innovación en relación co benestar emocional e a atención á diversidade. (CONTRATOS-PROGRAMA)
- Continuidade dos recursos persoais que melloren a atención á diversidade (PROA +)
- Fomentar cooperación con institucións da Comunidade Escolar: servizos sociais, asociacións, Concello, etc...
- Fomentar un traballo común coas TIC e cos contidos traballados en xeral, pero tendo en conta as particularidades de cada alumno/a.
- Profesor/a especialista de Audición e Linguaxe a tempo completo.

■ **Necesidades relativas ao profesorado:**

- Formación en atención á diversidade.
- Asesoramento en canto a medidas de atención á diversidade.
- Coordinar a detección temperá de NEAE.
- Implicar ao profesorado nas actividades promovidas polo DO.
- Delimitación clara de responsabilidades en canto á atención á diversidade.
- Crear un clima de convivencia que propicie o traballo en equipo.

■ **Necesidades relativas ao alumnado:**

- Previr a baixa comprensión lectora, excesivo número de faltas de ortografía e dificultades na resolución de problemas.
- Adaptación ás normas sociais e aumento da autonomía, especialmente na etapa de Educación Infantil.
- Creación de hábitos positivos de hixiene, alimentación, saúde, deporte,...
- Procurar técnicas para manter a atención, identificar os aspectos máis importantes da información, reter e organizar a información, simbolizar e abstraer,...
- Evitar todo tipo de discriminación en función de capacidades, raza, sexo, relixión ou situación social.
- Continuidade do Programa de estimulación da linguaxe en Educación Infantil.

■ **Necesidades relativas ás familias:**

- Dinamizar a implicación das familias nas actividades levadas a cabo dende o centro e o DO.
- Maior coñecemento e utilización do Departamento de Orientación como parte do equipo docente.
- Asesoramento en canto á educación dos seus/súas fillos/as no centro, coa finalidade de establecer unhas pautas de actuación comúns.

**4. OBXECTIVOS.**

A través deste Plan Xeral de Atención á Diversidade se pretenden acadar os seguintes obxectivos xerais a catro niveis:

▶ **Alumnado:**

- Levar a cabo unha identificación de necesidades educativas o máis pronto posible, xa dende a educación Infantil, que permita unha intervención preventiva e compensatoria neste período sensible, acorde con protocolo de Atención Temprá.
- Considerar medidas xerais e específicas que permitan detectar e tratar as dificultades de aprendizaxe tan pronto como se produzan.
- Procurar que todo o alumnado adquira as competencias básicas no maior grao que lle sexa posible.
- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da atención á diversidade, dos/as alumnos/as e do seu contexto e desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- Por en marcha programas de prevención de posibles dificultades de aprendizaxe (Programa de estimulación da linguaxe, Programa de habilidades sociais, Programa de técnicas de traballo intelectual,...).
- Facilitar axudas para a aprendizaxe, por medio do deseño de programas de reforzo educativo e/ou adaptacións curriculares.
- Diseñar estratexias para favorecer a aprendizaxe da lecto-escritura.
- Desenvolver as medidas de atención á diversidade previstas na lexislación vixente, en caso necesario, para atender ás necesidades do alumnado.

- Diseñar actuacións que posibiliten o acceso ao currículo á totalidade do alumnado, dende as avaliacións psicopedagóxicas ata os apoios, os reforzos educativos, programas para o alumnado repetidor, etc...
- Diseñar respostas educativas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Diseñar actividades para mellorar a aceptación das diferenzas individuais.
- Impulsar o desenvolvemento persoal do alumnado.
- Potenciar capacidades que lles permitan un mellor coñecemento de si mesmos e a asunción dos éxitos e dos fracasos.
- Fomentar hábitos de estudo e habilidades sociais.
- Facilitar a transición do alumnado entre diferentes etapas educativas (Infantil-Primaria-Secundaria).

### ► **Profesorado:**

- Potenciar a acción tutorial.
- Mellorar a comprensión da atención á diversidade como resposta educativa para todo o alumnado e o concepto de NEAE coma necesidade de calquera alumno ou alumna en momentos determinados.
- Garantir o dereito á detección precoz de necesidades, a través da posta en marcha protocolos de actuación dende a Educación Infantil, protocolos de derivación ao DO...
- Garantir a actuación coordinada de todo o equipo docente para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.
- Asesorar e ofrecer recursos ao profesorado sobre as medidas de atención á diversidade, para poder melloralas.
- Asesorar e orientar ao profesorado na planificación de actividades de apoio e reforzo, criterios metodolóxicos, avaliación,... e todo aquilo referido á atención a diversidade.
- Informar e asesorar sobre o tipo de estratexias aconsellables para un mellor coñecemento das características individuais do alumnado.
- Facilitar criterios de organización da aula e agrupamentos buscando a flexibilidade.
- Dinamizar a coordinación das actuacións dos titores, profesorado de apoio,... para a resposta ás necesidades dos/as alumnos/as.



- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos das habilidades sociais e resolución de conflitos, traballo cooperativo...e tamén en atención á diversidade.

▶ **Familias:**

- Desenvolver unha canle de comunicación fluída e construtiva entre o centro e as familias dos/as alumnos/as para procurar a súa participación e colaboración no centro e nas medidas a levar a cabo cos seus/súas fillos/as, implicándoas na labor educativa.
- Asesorar aos pais e nais sobre o proceso educativo dos/as seus/súas fillos/as.
- Facilitar a relación familia-titoras, que permita un mellor coñecemento do alumnado e unha actuación previsoras ou correctoras efectiva dos problemas de aprendizaxe ou condutuais que poidan xurdir.
- Deseñar pautas para o tratamento de problemas puntuais: estimulación da linguaxe, fomento do hábito lector, límites e comunicación intrafamiliar...
- Organizar de actividades de cara ás familias para promover a mellora das estratexias educativas na casa.

▶ **Centro:**

- Garantir a coordinación entre os diferentes Departamentos de Orientación da zona co fin de que o paso do estudiantado polos distintos niveis e etapas sexa o máis coherente posible.
- Levar a cabo a coordinación cos servizos sociais do concello.
- Buscar colaboración doutras institucións (servizos sociais, saúde mental infantil, ONG, voluntariado,...) que permitan unha mellora da atención que reciben os nenos e nenas dentro da escola.
- Buscar asesoramento e colaboración dos equipos de orientación específicos.
- Colaborar para que se produzan intercambios de experiencias entre centros.
- Solicitar asesoramento dos especialistas de formación e recursos para promover a innovación educativa.

- Participar en proxectos de Innovación que favorezan o benestar emocional, a igualdade e a inclusión (CONTRATOS-PROGRAMA)
- Solicitar persoal de reforzo para a atención á diversidade (PROA+)
- Solicitar a presenza do mestre/a de Audición e Linguaxe a tempo completo.

## **5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

### **5.1. ACTIVIDADES DE CARÁCTER XERAL.**

#### **5.1.1. Identificación temperá e prevención primaria:**

As accións preventivas e a identificación temperá terá un carácter prioritario no noso centro implicando a toda a comunidade educativa. Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno/a, o que pode traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar. Así, haberá alumnos e alumnas que requirirán exemplificacións, explicacións ou exercicios específicos; outros/as ós/ás que lles haberá que encomendar certas responsabilidades; outros/as que necesitarán estar nun grupo específico dentro da aula, do que recibirán as axudas que precisan; outros/as aos/ás que haberá que poñer frecuentemente en situación de éxito; etc. En síntese, trátase de que a cada alumno e alumna se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo e se respecte o seu ritmo de aprendizaxe, no ánimo de que cada quen vai reconstruíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.

Neste tipo de actuacións, como se contempla no propio Plan de Acción Titorial, é necesario que o/a titor/a estableza unha rede coordinadora entre o distinto profesorado (equipo docente); que coñeza a situación persoal de cada alumno/a, os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e o ritmo de aprendizaxe de cada quen; que reflexione sobre a metodoloxía máis axeitada para cada neno/a respecto do seu achegamento ó currículo; que analice as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e a súa utilidade nos



agrupamentos dentro da aula; que demande asesoramento do Departamento de Orientación, etc. Ademais, a través do Plan de Acción Titorial se traballarán as normas, o respecto ás diferencias, as adaptacións metodolóxicas...

As persoas que exerzan a titoría deberán informar ao Departamento de Orientación acerca de calquera dificultade observada no desenvolvemento do alumnado ou no seu proceso de aprendizaxe tanto dentro coma fóra do centro, destacando especialmente calquera información médica, neurolóxica, psicolóxica... da que teñan constancia. Asimesmo deberán informar á familia da necesidade de comunicar e documentar dita información.

Calquera dificultade que se considere que precisa dunha intervención externa á aula ou ao centro, deberá ser coñecida polo Departamento de Orientación, que valorará se se pode dar resposta dende o propio sistema educativo (cos recursos propios do centro ou solicitando a colaboración doutras entidades, como os EOE) ou se sería precisa a derivación a outro tipo de servizos (pediatría, psicoloxía, Servizos Sociais...).

Seguindo o **Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación Interinstitucional en Atención Temprá**, *“O sistema sanitario, educativo e os Servizos Sociais están directamente implicados na protección de menores e deben establecer os mecanismos de coordinación eficaces para optimizar os recursos...así como garantir a continuidade do proceso: a detección, derivación, seguimento e/ou intervención como obxectivos centrais na coordinación da protección dos menores de seis anos”*.

*“No caso de sospeita de necesidades relacionadas co desenvolvemento, ou de situación de vulnerabilidade que lle poida afectar negativamente ao proceso evolutivo da persoa menor, os profesionais dos sistemas de protección, sanitario, social e educativo, e as familias deberán canalizar as situacións detectadas a través dos servizos de pediatría. A través dos servizos de pediatría de atención primaria cando a situación sexa detectada no ámbito comunitario polas propias familias, por profesionais de escolas infantís ou de educación de primeiro ou segundo ciclo, polos servizos sociais comunitarios ou especializados, programas de educación familiar, recursos sanitarios de atención primaria e outros axentes dos diferentes sistemas. E a través dos servizos de pediatría de atención hospitalaria cando a detección teña lugar no ámbito hospitalario.*

*No sistema educativo a detección precoz do alumnado con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos que deba ser atendido polos servizos de atención*



*temperá centrarase no alumnado do 2º ciclo de educación infantil e de 1ºciclo se fose o caso, respecto do cal se debe:*

*a) Prestar atención, ao desenvolvemento da autonomía da nena e do neno, á creación dos primeiros vínculos sociais e á conquista da linguaxe.*

*b) Considerar o grao de desenvolvemento das capacidades básicas, correspondentes ao momento evolutivo, no proceso de avaliación inicial e no informe anual de avaliación individualizado.*

*c) Informar regularmente os pais e nais, persoas titoras ou gardadoras, sobre os progresos e dificultades detectados e ter en conta as informacións que estas persoas proporcionen.*

*d) Asesorar, por parte dos servizos de orientación, a totalidade da comunidade educativa nos procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, na súa valoración, nas medidas educativas que cómpre adoptar e na súa avaliación.*

*e) Realizar as avaliacións psicopedagóxicas que procedan e trasladar ao correspondente informe psicopedagóxico, entre outras cousas, información sobre a situación evolutiva e educativa da alumna ou do alumno, a concreción das súas necesidades educativas, as orientacións curriculares, a proposta de escolarización, a determinación das axudas necesarias e o procedemento para a revisión e/ou actualización do informe.*

*f) Asesorar e informar as familias sobre os servizos sanitarios e sociais ao seu alcance.*

*g) Proporcionarlles ás familias copia do informe psicopedagóxico.*

Como se destaca no **Protocolo de Tratamento educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)**, “O profesorado debe estar atento aos indicadores de desenvolvemento e, ante a observación de calquera deles, solicitar a intervención do Departamento de Orientación do centro. Esta intervención non ten un carácter finalista, senón que inicia un proceso de valoración.”

Polo tanto, é función da persoa titora, ante comportamentos, signos ou dificultades que se desvíen do agardado para a súa idade, poñelo en coñecemento da familia e solicitar a intervención da xefatura do D.O. En calquera caso, “a intervención da xefa do D.O. pode ser solicitada polo profesorado titor, pola familia ou tratarse dunha iniciativa propia (de oficio). A familia debe estar informada.”

Pola súa parte, o Departamento de Orientación asesorará á totalidade da comunidade educativa nos procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, na súa valoración, nas medidas educativas a adoptar e na súa avaliación. Asemade, informará a nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado dos procedementos para a detección temperá das necesidades educativas do alumnado e dos resultados desa identificación e valoración, así como, de ser o caso, da aplicación das actuacións e medidas de atención á diversidade que consideren oportunas.

### **5.1.2. Escolarización inicial:**

O proceso de escolarización ó que nos temos que cinguir á hora de escolarizar alumnado con necesidade específica de apoio educativo será o seguinte:

Serán escolarizados, con carácter xeral, nos centros ordinarios, nas condicións establecidas no *DECRETO 13/2022, de 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.*

Terase tamén en conta o establecido na *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

Nas solicitudes de admisión deberase manifestar expresamente que optan a unha praza reservada para alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivadas de discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación intelectual, de trastornos graves de conduta ou por encontrarse en situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais, económicos ou culturais; e aportar a documentación xustificativa das devanditas



situacións e circunstancias alegadas para optar a esa praza. O centro remitirá a solicitude e a documentación achegada á xefatura territorial, no prazo máximo de 10 días hábiles seguintes á súa presentación, que irá acompañada da avaliación psicopedagóxica inicial realizada no centro, para a súa valoración polo Equipo de Orientación Específico. A xefatura territorial devolverá ao centro a solicitude acompañada do informe do Equipo de Orientación Específico, sobre se procede ou non a súa escolarización con cargo á reserva de prazas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo, antes da data de publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos. O prazo de admisión das solicitudes é do 1 ao 20 de marzo de cada ano. No suposto de que se produza a escolarización fóra deste prazo, remitirémonos á *Orde do 8 de setembro do 2021*, na que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan ensinanzas de réxime xeral e establece o procedemento e criterios para o ditame de escolarización. O devandito ditame levarase a cabo cando os pais soliciten a admisión no noso centro e se poida prever que este alumno/a vai requirir durante a súa escolarización Adaptacións Curriculares ou medios materiais complementarios, ou tamén cando sexa necesario modificar a modalidade de escolarización dese alumno/a.

O proceso será o seguinte:

- A familia presentará a solicitude de admisión.
- Será posta en coñecemento de Departamento de Orientación a través da dirección, que solicitará unha avaliación psicopedagóxica e informará á familia dos pasos a seguir.
- Unha vez realizada a devandita avaliación o Departamento de Orientación elaborará o Ditame de Escolarización, no que se recollerá as conclusións da avaliación psicopedagóxica, orientacións sobre a proposta curricular máis axeitada, unha proposta razoada de escolarización en función das necesidades do alumno/a e das características e posibilidades dos centros da zona e a opinión asinada da familia.
- O Departamento de Orientación dará traslado do Ditame de escolarización á Inspección, que elevará o devandito Ditame, xunto co seu Informe á Delegación Provincial ou á Presidencia da Comisión de escolarización.
- O Delegación ou a Presidencia da Comisión notificará a decisión tomada á Dirección do centro, quen informará ao Departamento de Orientación e á familia.

A escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo estará suxeita a un seguimento continuado e revisarase ao final de cada etapa. Non obstante, a dirección do centro, logo de acordalo coa familia do alumno/a, poderá solicitar a revisión de escolarización cando as circunstancias o aconsellen.

### **5.1.3. Avaliación inicial:**

A avaliación inicial constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, en xeral, e na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular.

Segundo o artigo 13 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, que se establece as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais, ao comezar a súa escolarización todo o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial, na que ademais dos aspectos recollidos na *Orde do 25 de xuño do 2009, pola que se regula a avaliación na Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*.

*.ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato* polas que se regula a avaliación no segundo ciclo de educación infantil en educación primaria respectivamente, recollerase a detección de necesidades educativas especiais.

Ao inicio de curso o titor/a revisará os expedientes dos alumnos/as para ter en conta as necesidades específicas de apoio educativo que se poidan detectar. Corresponde ao Departamento de Orientación a análise da información recollida e as correspondentes conclusións. Nesta avaliación inicial teranse en conta: os datos recollidos na entrevista individual coa familia e os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais da historia do alumno/a que revistan interese para a vida escolar. Naqueles casos en que se detecten posibles necesidades específicas de apoio educativo levarase a cabo unha avaliación psicopedagóxica de carácter máis específico.

### **5.1.4. Avaliación psicopedagóxica:**

Realizarase cando concorra algunha das seguintes situacións:

- Existencia dalgún tipo de discapacidade, trastorno ou circunstancia que afecte o seu desenvolvemento xeral, así como a súa aprendizaxe; igualmente se existen indicios de altas capacidades intelectuais.
- Os resultados da avaliación inicial deben complementarse con esta información.
- Prevese a necesidade dalgunha medida extraordinaria de atención á diversidade que require, previamente, esa avaliación.
- Prevese a necesidade de recursos educativos complementarios ou apoio especializados de difícil xeneralización.
- Considérase necesario elaborar ou modificar o ditame de escolarización.
- Cando, por circunstancia excepcionais o demande a Administración Educativa.

As situacións máis frecuentes nas que se realizarán no noso centro serán: para alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo ao inicio da escolarización e ao inicio e final de cada etapa, e para alumnos/as nos que se detecten dificultades de aprendizaxe e se comprobe que, cos reforzos pedagóxicos e coas medidas adoptadas dende a programación de aula e a organización do centro, ditas dificultades persisten.

A avaliación psicopedagóxica será elaborada polo Departamento de Orientación, coa colaboración do profesorado que imparte docencia ao alumno/a e da familia, e recollerá aspectos relativos ás características individuais do alumno/a, características do contexto sociofamiliar e escolar. Coas conclusións da avaliación o Departamento de Orientación realizará un Informe no que deberá constar da forma máis completa posible a situación evolutiva e educativa actual do alumno/a, a concreción das súas necesidades educativas especiais, e se é o caso, a proposta curricular e o tipo de apoio que pode precisar durante a súa escolarización.

O procedemento de solicitude de avaliación psicopedagóxica será o seguinte:

- O/a titor/a, previamente informado o Director/a e a familia, solicitará a avaliación psicopedagóxica cubrindo o cuestionario de solicitude de avaliación psicopedagóxica que se inclúe nos Anexos.
- Entrevista coa familia do alumno/a por parte da orientadora.
- Revisión da documentación existente no centro referente ao alumno/a.
- Observación dentro e fóra da aula.

- Revisión de traballos.
- Entrevistas co profesorado.
- Aplicación das probas oportunas, se procede.

Comunicarase os resultados a través do Informe Psicopedagóxico e recomendacións pertinentes, se procede, ao titor/a e á familia.

## **5.2. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS XERAIS.**

Na nosa intervención educativa partiremos de principios metodolóxicos que promovan a construción de aprendizaxes significativas. Así, empregaremos distintas estratexias para atender á diversidade do alumnado, adaptando a metodoloxía en función das características dos alumnos/as. Intentaremos prever distintas situacións de aprendizaxe para poder conseguir os obxectivos previstos, reformulando tarefas de ensino aprendizaxe sempre que sexa necesario para lograr a súa comprensión, proporcionando aclaracións, explicacións complementarias, demostracións e exemplos. A organización dos contidos a través de proxectos e unidades didácticas permítenos a programación das actividades con distintos niveis de dificultade. Aínda que os obxectivos de aprendizaxe son os mesmos para todo o alumnado, as axudas para conseguilos poden ser diferentes. Para elo estableceremos niveis diferentes nas actividades a realizar, diferentes tipos de agrupamentos, uso de materiais variados na presentación do traballo, procurarase a organización dos contidos dende unha perspectiva globalizadora e, sempre que sexa posible aproveitarase a aprendizaxe incidental. Nalgunhas ocasións o traballo poderá partir de situacións e experiencias vividas polos alumnos/as, que lles resultan interesantes e que lles susciten a necesidade de respostas a determinadas cuestións. Este xeito de organizar o traballo de aula favorece a adquisición de significados pois permite partir do nivel de coñecemento dos alumnos e facilita que se poidan establecer elementos máis variados de enlace para comprendelos. Cando na aula se logran aprendizaxes significativas os alumnos/as adquiriron os contidos porque puideron entender a información que lles foi presentada ao ter coñecementos previos suficientes e axeitados, e a retiveron ao facer o esforzo de organizar, relacionar e integrar os datos na súa estrutura de coñecemento, sendo posible recuperala cando as distintas situacións o requiran.

### **5.2.1. Recursos organizativos.**

Son aqueles que fan referencia á organización do tempo e do espazo no centro que permitan o intercambio de información, a planificación e coordinación das medidas adoptadas. A organización destes recursos condiciona a resposta educativa ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Así, elaborárase o noso Proxecto Educativo atendendo á diversidade, adoptáranse medidas de atención ás diferenzas individuais nas sucesivas concrecións curriculares, elaboráranse as adaptacións curriculares que sexan precisas para o alumnado con necesidades educativas especiais, establecérase a coordinación docente, a participación efectiva das familias e a provisión de servizos de apoio ao centro.

### **5.2.2. Medidas de atención á diversidade.**

Son o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Son, en definitiva, aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta educativa axustada ás necesidades educativas do alumnado. Implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que contemplan a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

### **MEDIDAS ORDINARIAS:**

Considéranse **medidas ordinarias** de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar respostas ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Inclúense:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, asignación de titorías, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Aulas de atención educativa e convivencia.
- f) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- g) Programas de enriquecemento curricular.
- h) Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- i) Programas de habilidades e competencias sociais.

► **Adaptacións de acceso ao currículo**

Son modificacións ou provisión de recursos espaciais, materiais ou de comunicación que van facilitar que algúns alumnos/as con necesidades educativas especiais poidan desenvolver o currículo ordinario ou no seu caso o adaptado. Poden ser de acceso físico, que á súa vez poden ser espaciais ou materiais e de acceso á comunicación.

ESPACIAIS: Son as condicións de acceso físico, sonorización, iluminación, anchura de portas, ramplas, ascensores...que favorecen a mobilidade e a autonomía dos alumnos/as. Teremos en conta para elo a lexislación vixente ao respecto: **Lei 8/1997, de 20 de agosto** de accesibilidade e supresión de barreiras, e o **Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro**, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da citada lei, ademais da **Lei 51/2003, do 2 de decembro**, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalía. En moitas ocasións con poucas adaptacións de acceso podemos lograr que o alumno/a poida acceder ao currículo que lle corresponde por idade, tanto no centro coma na aula.

MATERIAIS: Intentaremos conseguir a maior normalización e o contorno menos restritivo posible para os alumnos/as. Así, daremos preferencia aos materiais ordinarios, logo aos adaptados, e como último recurso aos específicos. No caso de contar con alumnos/as con problemas motóricos, teremos mesas con escote e altura regulable. ....



DE ACCESO Á COMUNICACIÓN: Traballaremos con eles cando existan alumnos/as que precisen sistemas alternativos ou aumentativos de comunicación. Un exemplo importante no noso centro é o uso do SPC para facilitar a accesibilidade accesibilidade cognitiva de todo o alumnado. No presente curso, tamén empregamos o comunicador de Arasaac, AstericsGrid.

- **Reforzo educativo:**

Na **Orde do 8 de setembro de 2021**, defínese o reforzo educativo como unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnos e a todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Realizaranse do seguinte xeito:

1. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino aprendizaxe.
2. Serán elaborados polo mestre/a que imparte a área na que o alumno necesita esa medida, co coñecemento do titor/a, que o comunicará ao equipo directivo e á familia do alumno/a.
3. O seu desenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario, polo mestre/a da área. En determinados casos poderá contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria coa, que actuará como un apoio xeral ao conxunto da aula.
4. O RE reflectirase nos documentos oficiais de avaliación do alumnado, así como no Informe Individual de Reforzo Educativo (a final de curso).
5. Ao inicio de curso o profesorado de PT e AL, a orientadora e a xefa de estudos manterán unha reunión con cada unha das persoas titoras para valorar as necesidades de apoios específicos de PT e AL en cada aula. Durante o mes de setembro, cada titor ou titora valorará a información aportada nesta reunión de cara a solicitar apoios para cada alumno ou alumna e, xunto coa orientadora e a persoa especialista en PT ou AL, establecer a súa organización de cara a facer a proposta á xefatura de estudos, que será quen a aprobe.

6. Na sesión de avaliación inicial revisaránse estes apoios e poderáse modificar o horario de atención ao alumnado.
7. Estes horarios serán flexibles e poderán modificarse durante todo o curso, valorando especialmente esta modificación en cada unha das avaliacións trimestrais.
8. As medidas de reforzo educativo quedarán reflectidas no expediente académico do alumno/a como RE e cun comentario no Informe á familia, tanto se as realiza a persoa titora ou se colabora o profesorado de PT e/ou AL.

- **Desdoblamento de grupos:**

É unha medida ordinaria de atención á diversidade que poderíamos adoptar ao longo do curso. É un reforzo grupal, no que se divide o grupo en dous ou tres tendo en conta as características (nivel de competencia curricular, estilo de aprendizaxe, complementariedade...) dos alumnos/as, realizando un traballo máis adaptado aos/as alumnos/as, e favorecendo o traballo cooperativo.

### **MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**

Considéranse **medidas extraordinarias** de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Considéranse as seguintes:

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe.
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- f) Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.

- g) Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- h) Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
- i) Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes.
- j) Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
- k) Grupos de adquisición das linguas.
- l) Grupos de adaptación da competencia curricular.

Para a aplicación destas medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e, se é o caso, o informe xustificativo do corresponde Servizo de Orientación.

- **Adaptación curricular:**

Segundo a orde de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, as adaptacións curriculares son modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación) para atender as necesidades educativas dun alumno motivadas por unha determinada dificultade persoal ou polas súas capacidades excepcionais. Recorreráse a elas unha vez esgotadas as medidas ordinarias. Para a súa elaboración seguirase o seguinte protocolo de actuación:

- Solicitude ao Departamento de Orientación dunha avaliación psicopedagóxica, coa emisión do Informe Psicopedagóxico.
- Á vista do Informe, efectuarase unha reunión de todos/as os/as profesionais implicados na posible adaptación curricular, coordinada pola Xefa de Estudos.
- Elaboración do documento de adaptación curricular.
- Revisión do documento nunha nova reunión e envío da proposta á Inspección por parte da dirección (ANTES DO FIN DO MES DE NOVEMBRO)
- Inspección remitirá un informe ao respecto.

O deseño e desenvolvemento da adaptación curricular será responsabilidade do mestre/a da área implicada, co asesoramento, se é preciso, do Departamento de Orientación. O seu desenvolvemento será no contexto educativo ordinario, agás en casos excepcionais, e sempre menos de 1/3 da xornada escolar. As intervencións específicas dos mestres/as especialistas de PT e AL, na aula ordinaria ou fóra dela, serán as recomendadas no seu Informe Psicopedagóxico, propostas e deseñadas polo Departamento de Orientación en colaboración co titor/a.

O referente da adaptación curricular será o currículo ordinario. Terá unha duración mínima dun ciclo. A avaliación do alumnado que siga unha adaptación curricular farase en función dos criterios de avaliación establecidos nela. A adaptación curricular quedará reflectida nas actas de avaliación como ACS para as áreas que as precisen, no expediente académico, nos informes ás familias e no historial académico. As adaptacións curriculares revisaranse periodicamente, polo menos unha vez ao remate de cada curso. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia aos obxectivos e aos criterios de avaliación do ciclo ou nivel sobre o que se elaborara a adaptación. Ao finalizar o curso o titor ou titora, xunto co profesorado que imparta as áreas ou materias obxecto de adaptación, oída a familia ou responsables legais do alumno/a, determinarán a pertinencia da promoción e a necesidade ou non de adaptación curricular no curso seguinte.

- **Agrupamentos flexibles:**

Son unha medida extraordinaria de atención á diversidade. Poderanse constituír, con carácter temporal, como medida de apoio para o alumnado con dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias. Só poderán realizarse nos dous últimos cursos da E.P e deberán contar coa autorización da inspección educativa ou da delegación provincial.

Realizaranse preferentemente nas áreas de Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas e o alumnado permanecerá nestes grupos a totalidade do horario semanal da área.

O número máximo de alumnado é de 8.

- **Flexibilización do período de escolarización:**

A escolarización en educación infantil e primaria, poderá excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto ao establecido con carácter xeral en ámbalas



dúas etapas, en función, respectivamente das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado. Sen prexuízo do sinalado anteriormente, o alumnado que presente necesidades educativas especiais poderá permanecer un ano máis na etapa de educación primaria, sempre que esta medida favoreza a súa integración socioeducativa. En ningún caso se poderá permanecer en educación infantil máis alá do ano natural no que se cumpran os sete anos de idade, nin comezar a educación primaria antes do ano natural no que se cumpran os cinco anos. No caso de educación primaria, en ningún caso se poderá permanecer máis alá do ano natural no que se cumpran os quince anos de idade, nin comezar a educación secundaria antes do ano natural no que se cumpran os 10 anos.

Para a flexibilización do período de escolarización deberase contar coa correspondente autorización da Consellería de Educación. Antes de tomar esta medida haberá que esgotar todas as medidas ordinarias e de adaptación curricular ou organizativas previstas no presente documento para a atención ás necesidades específicas de apoio educativo.

Segundo a **Orde do 8 de setembro de 2021** o procedemento para a flexibilización será o seguinte:

- A Dirección do centro presentará a solicitude á Xefatura Territorial, xunto co informe do profesorado titor que xustifique esta medida, Informe Psicopedagóxico no que se recomende esta medida, a conformidade por escrito do pai, nai ou tutores/as legais, copia do historial académico ou certificación académica, e a proposta de Adaptación Curricular segundo o artigo 55 da Orde do 8 de setembro de 2021.
  - O prazo é durante o mes de marzo.
  - Esta solicitude remítese, xunto co informe que emite a Inspección Educativa á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que autorizará ou denegará a flexibilización.
- **Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe:**
    1. É un recurso dirixido especialmente á atención ao alumnado con NEE e, excepcionalmente, a outro alumnado con NEAE.

2. Como medida extraordinaria deberá ser recomendada no seu Informe Psicopedagóxico, no que se contemple e valore a constancia de medidas ordinarias previas, e aprobada pola dirección do centro e a Inspección.
3. As súas funcións serán:
  - a) Colaborar coa Xefatura do DO na proposta de organización dos apoios.
  - b) Prestar atención directa ao alumnado indicado no punto 1 (sen substituír nunca a labor da persoa titora).
  - c) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende.
  - d) Colabora na elaboración das ACS e na súa avaliación.
  - e) Participar na planificación e desenvolvemento das medidas que favorezan a inclusión.
  - f) Asistir ás sesións de avaliación, con voz e sen voto.
  - g) Elaborar os Informes Individuais do apoio para cada alumno/a ao que presta apoio.
4. O apoio de AL centrarase principalmente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala.
5. PT e AL só poderán traballar fóra da aula ordinaria de forma excepcional, se así o contempla o Informe Psicopedagóxico, non máis dunha terceira parte dos períodos lectivos semanais que, en ningún caso poderán superar a totalidade do horario dunha materia. Esta atención poderá desenvolverse en pequenos grupos (5 alumnos/as como máximo). As intervencións de AL que teñan que ver coa reeducación a linguaxe poderán levarse a cabo sempre fóra da aula

### **5.2.3. Plan de Acolloida.**

Dentro das medidas que todo centro debe tomar para compensar as desigualdades do alumnado derivadas de situacións económicas e sociais, temos que incluír as destinadas a integrar aos alumnos inmigrantes que presenten dificultades para seguir con normalidade os seus estudos

O Plan de Acollida, que está programado para superar as dificultades que presentan os alumnos inmigrantes que se incorporan ao CEIPP Sta. M<sup>a</sup> do Castro, pretende establecer para estes alumnos:

- Relacións gratificantes cos compañeiros/as e co profesorado.
- A implicación de toda a comunidade educativa.
- Unha boa relación e coordinación coas familias que lle axude a interpretar correctamente as demandas e orientacións que desde o centro se lle transmitan.
- Uns criterios mínimos para realizar a avaliación inicial.
- A atención temporal intensiva necesaria para a aprendizaxe da lingua para o alumnado de lingua estranxeira.
- As medidas de compensación da competencia curricular.
- A planificación dos recursos, tanto humanos como materiais dos que dispomos no centro para que todo o alumnado que o precise poida acceder a eles.

● **Matriculación dos alumnos no centro:**

Cando unha familia inmigrante ten que matricular ao seu fillo/a no centro (proceso aberto durante todo o curso), acode polo menos dúas veces antes de que se inicie a escolarización:

1. Para ver se o centro ten prazas e solicitar información e documentación para a posible matriculación do seu fillo/a.
2. Para a entrega da documentación pertinente e proceder á escolarización.

Nestes primeiros momentos son o Director/a ou, no seu caso, algún membro do equipo directivo ou do D.O. as persoas que máis interveñen e que asumen a tarefa de acoller ao alumno/a e á súa familia de maneira afable e cálida para crear un ambiente de confianza, e así, dar unha primeira impresión do centro positiva e acolledora. Farase en forma de entrevista, onde se recollerá a máxima información posible. Pode suceder que a documentación que a familia nos aporte sexa insuficiente: porque a están tramitando ou ben porque non a teñen. De todas as maneiras, valorarase positivamente aquela que aporten aínda que non sexa necesaria. Igualmente informarase á familia da necesidade de conseguir



e facilitar ao centro a documentación que falta, ou no seu caso, aquel tipo de documentos que a poidan substituír. Orientaráselles, na medida do posible, sobre como conseguila cando se trate de documentación do noso país (certificado médico, convalidacións...).

Para este proceso de matriculación dispomos no noso centro de folla de solicitude de matrícula, folla de documentación necesaria para facer a matrícula, impreso de formalización de matrícula e ficha de protocolo de recollida de datos e de adopción de medidas de atención.

- **Planificación da acollida inicial do alumno/a:**

Do acollemento inicial do alumno/a vai depender a súa escolarización posterior, por elo, é preciso planificar o acollemento inicial con tempo e que todo o proceso estea definido. Así:

1. Antes da incorporación ao centro a Xefatura de estudos traspasará a información ao/á titor/a que se encargará de transmitirla ao equipo docente.
2. Previo á incorporación do alumno/a o titor/a fará unha sesión con toda a clase para informar e planificar a colaboración do grupo ante a chegada do novo compañeiro/a.

- **Acollida no centro e na aula:**

O mesmo día da incorporación do alumno/a a Dirección, a Xefatura de Estudos ou o D.O. ensinaralle as instalacións do centro e presentará ao alumno/a e os seus acompañantes ao titor/a que se encargará de presentalo/a ao grupo clase, podendo facelo a través dun xogo ou actividade na que este alumno/a poida participar.

Recoméndase a titorización entre iguais de cara a favorecer a integración na aula e no centro e coñecer as rutinas, instalacións...

- **Avaliación inicial:**

Nas dúas primeiras semanas da súa incorporación o centro o alumno/a será obxecto dunha avaliación inicial sempre que domine algún dos dous idiomas oficiais. Será realizada polo titor/a podendo contar co apoio do Departamento de Orientación. No D.O. existen probas de competencia curricular para cada un dos niveis educativos nas áreas





instrumentais. Este último, realizará unha avaliación psicopedagóxica en caso de ser necesario. Unha vez obtidos os resultados da avaliación inicial traspasarase a información ao grupo docente para organizar a escolarización do alumno/a, e si é preciso replantexarse a súa adscrición ao curso. Finalmente, se elaborará un informe que o titor/a deixará no expediente persoal do alumno/a.

- **Organización da escolarización do alumno/a:**

Terá como primeiro obxectivo o proceso de integración do alumno/a ao centro. Para iso:

1. Elaborarase un plan de traballo individual (tanto referido á metodoloxía como a contidos). Será elaborado polo titor/a, o Departamento de Orientación e o equipo docente, coa supervisión da Xefatura de Estudos, e co asesoramento, de ser o caso, do Servizo de Inspección. Nel se recollerán os obxectivos a acadar nas áreas instrumentais, programación do resto das áreas, materiais de traballo, horarios, coordinacións e avaliación.
2. Organización da atención específica. Será realizada polo Departamento de Orientación coa supervisión da Xefatura de Estudos.
3. Entrevista coa familia e titor/a do alumno/a ao cabo dun mes da incorporación do alumno/a ao centro.
4. Seguimento e avaliación do plan de traballo do alumno/a por parte do equipo docente. O seguimento farase de maneira continuada, e a avaliación do plan farase trimestralmente como o resto de alumnos/as.

- **Medidas de atención escolar:**

Poderán ser:

- Curriculares: Reforzo educativo, Adaptación curricular, Flexibilización de idade.
- Organizativas: Grupos de adquisición de linguas e Grupos de adaptación da competencia curricular. Estes grupos deberán ser aprobados por Inspección e as familias deberán ser informadas.

a) **Grupos de adquisición de linguas:** poderanse integrar en grupos flexibles de adquisición de linguas aqueles alumnos/as que descoñezan as dúas linguas. Deberán pertencer á mesma etapa



educativa sen ter que pertencer necesariamente ao mesmo curso ou ciclo. O tempo máximo de permanencia no grupo é de tres meses, ampliando en casos moi concretos. En Educación Infantil só acudirán os do último curso excepcionalmente.

- b) Grupos de adaptación da competencia curricular.** Realizaranse grupos flexibles de alumnos/as con desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto a súa idade. A permanencia nestes grupos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental, podéndose levar a cabo ao longo de todo o curso escolar. Non obstante, o alumnado deberase incorporar plenamente ao seu grupo ordinario no momento no que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao seu desfase curricular.

### 5.3. PLAN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.

O programa de apoio, é necesario para que o mestre de pedagogía terapéutica planifique o seu traballo con tódolos implicados no proceso.

Para o desenvolvemento do Plan de Apoio do mestre/a de Pedagogía Terapéutica, teranse en conta os documentos de referencia do Centro.

O mestre de PT elaborará o seu plan anualmente, e nel recollerá de xeito pormenorizado o traballo que desenvolverá co alumnado e con todos os implicados (mestres/as, alumnado e familias) na intervención co alumnado de n.e.e.

A grandes rangos o Plan de Pedagogía Terapéutica recolle:

- **Medidas de traballo propostas na programación:**

O mestre de P.T. levará a cabo a **atención directa do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.**

Todos van **recibir apoio no contexto da aula preferentemente**, ou, se é preciso (cando as necesidades do alumno ou alumna xustificuen a medida) , apoio individual e/ou



grupala fóra do seu grupo-clase. A intervención educativa irá dirixida fundamentalmente a **intervir, para mellorar, as dificultades de aprendizaxe** que presentan nas áreas instrumentais principalmente (linguas e matemáticas), e á adquisición de técnicas, habilidades, actitudes e destrezas básicas necesarias para mellorar o traballo, así como o desenvolvemento da personalidade do alumno ou alumna.

Se prevé o apoio fóra da aula cando as necesidades do alumno ou alumna así o requiran, por presentar maiores dificultades e que precisa de métodos ou materiais que non é posible desenvolver no contexto da aula ordinaria, segundo se recolle no Informe psicopedagóxico.

Para este tipo de apoio sempre se seguirán as bases psicopedagóxicas nas que se fundamenta o Plan de Orientación elaborado polo Departamento de Orientación.

En calquera tipo de apoio que reciba o alumnado con n.e.a.e. por parte do mestre de apoio, informarase aos pais/nais ou titores/as legais do alumno/a mediante permiso previo por escrito que deberán asinar.

- **Organización:**

- **Apoio directo na aula do alumno ou alumna**, facendo Reforzo Educativo para a realización das tarefas de aula. Utilizando o material de aula ou ben material específico para traballar na aula, sempre en estreita colaboración coa persoa titora e integrándose nas actividades de aula.
- **Apoio directo na aula de Pedagogía Terapéutica.** Para o alumnado que saia das súas aulas de referencia para recibir apoio en pequeno grupo ou individualmente, onde se reforzarán as adaptacións curriculares, as habilidades básicas, a súa autonomía persoal e aquelas dificultades sinaladas nos seus informes psicopedagóxicos.
- **Apoio indirecto.** Elaborando actividades que desenvolverán nas súas aulas de referencia e **axudando na elaboración das adaptacións curriculares.**

- **Coordinación:**

O mestre/a de P.T manterá contactos periódicos coa **titora do alumno/a con n.e.e., cos/as especialistas e coa orientadora.** Asemade tamén se realizarán contactos frecuentes

coas familias, polo que se dispón dun tempo de atención a pais fóra do horario lectivo, que queda establecido tódolos luns pola tarde. O profesorado de apoio asistirá a ditas reunións cando así o solicite a familia ou a persoa titora. Tamén pode propoñer a súa participación nas titorías.

Realizaranse reunións **mensuais co resto de membros do Departamento de Orientación**, para axustar a colaboración e ver as demandas ou necesidades que van xurdindo.

As reunións cos titores/as e especialistas poderán facerse de xeito individual ou ben mediante os diferentes mecanismos de que dispón o centro: órganos colexiados, avaliacións,... Os outros órganos de Coordinación Docente do Centro, e nos que se estará presente, ben directamente ou por representación dalgún membro do Departamento de Orientación son: Equipos de Nivel, Equipo de actividades extraescolares, Equipo de Dinamización Lingüística, Equipo de biblioteca, Equipo T.I.C.

Será preciso establecer tamén reunións, de ser o caso, **con especialistas ou institucións externas** ao centro que estean a traballar co alumnado con n.e.e.

- **Metodoloxía:**

Como recurso para favorecer a consecución dos obxectivos formulados **utilizarase o material de aula común a todo o alumnado**, sempre que sexa posible. Poderase adaptar ese material ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais.

Para traballar contidos específicos, derivados das necesidades contempladas no seu Informe psicopedagóxico, utilizaremos material concreto da aula de apoio, facendo **especial fincapé no uso das TIC polo seu carácter multisensorial e motivador** para o alumnado.

Cando os apoios se realicen fóra da aula, a persoa titora deberá estar informada dos contidos e actividades que se traballan, así coma a evolución do alumno ou alumna.

A acción terapéutica realizarase de forma personalizada: **individual ou en pequenos grupos**, para conseguir unha atención continuada no proceso.

Unha metodoloxía baseada na motivación e participación do alumno, fomentando o seu interese cara á adquisición de coñecementos axeitados ás súas necesidades, procurando que lle reporten satisfacción e seguridade, estimulándoo no inicio, desenvolvemento e final das tarefas.

Partirase de actividades individuais e cun alto grao de concreción para continuar con actividades menos guiadas e en grupos moi reducidos.

Procurarase en todo momento a aprendizaxe significativa, intentando conectar as actividades propostas coa realidade na que o/a alumno/a se encontra.

- **Obxectivos propostos:**

Establecerase no Plan de Pedagogía Terapéutica os obxectivos a acadar, tanto xerais, como da aula de P.T como curriculares nas diferentes áreas.

Para cada alumno ou alumna deberáse elaborar un programa individual, baseado na avaliación inicial.

- **Medidas de atención escolar:**

Ao comezar o curso farase unha **avaliación inicial individual** de cada alumno/a para coñecer o nivel, tanto de competencia curricular coma do seu informe psicopedagóxico e que servirá como punto de partida no seu proceso de apoio.

A avaliación realizarase tendo en conta os obxectivos educativos propostos para o seu nivel. Servirá para adecuar a axuda pedagóxica e terá un carácter personalizado.

Trimestralmente informarase nas Sesións de Avaliación do progreso dos alumnado que recibe apoio.

A avaliación será continua, mediante a observación personalizada, probas específicas e a través do traballo persoal do alumno. Rexistraranse os avances ou retrocesos que se realicen.

Elaborarase un informe final cualitativo, establecendo o nivel de desenvolvemento acadado ao rematar o curso.

Ao longo do curso faranse as modificacións precisas para ir axustando a resposta educativa ás características individuais de cada alumno e alumna.

#### **5.4. PLAN DE AUDICIÓN E LINGUAXE.**

- **Introducción:**

O papel da mestra de Audición e Linguaxe, ten como finalidade a prevención, detección e intervención no alumnado que presente dificultades tanto na competencia comunicativa como na lingüística, segundo recolle a Lei de 27/07, do 23 de outubro. Sendo as súas funcións, as contempladas na orde de atención á diversidade.

O traballo da especialista de AL, estará orientado a paliar as necesidades educativas de apoio educativo, segundo a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Facilitando ao mencionado alumnado, o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado do centro.

Cabe destacar, que a praza que ocupa dita mestra de AL, é itinerante, polo que atenderá as necesidades educativas especiais dos seguintes centros:

- CEIP Santa María do Castro

Tendo por centro base o mencionado en primeiro lugar.

- **Liñas de actuación do mestre especialista en AL:**

Terá en conta as características do contorno xeográfico no que se atopa o centro, as súas peculiaridades, así como a dos grupos nos que intervén. Tendo presente a mencionada Orde de atención á diversidade, as liñas de actuación, xirarán entorno os seguintes puntos:

- Estar en contacto permanente coa xefatura do D.O., prestándolle cando así se lle demande, una estreita colaboración na elaboración e desenvolvemento de programas relacionados coa comunicación e coa linguaxe, así coma na avaliación da área comunicativa.
- Estar en constante colaboración co Titor/a do neno/a con nee.
- Valorar e avaliar as necesidades educativas do alumnado con dificultades na comunicación e na linguaxe.
- Atender profesionalmente ao alumnado tanto con dificultades na comunicación oral como escrita, colaborando coa persoa titora na implementación do reforzo Educativo na área da linguaxe.
- Realizar intervencións directas de apoio educativo aos alumnos/as con dificultades nos ámbitos anteriormente mencionados, de forma individualizada, en pequeno o en gran grupo.
- Asesorar aos titores/as na programación de actividades de cara a prevención de posibles dificultades.
- Colaborar na elaboración de pautas sinxelas cara aos pais de nenos/as de Educación Infantil, co fin de paliar posibles erros na interacción oral no contorno familiar.
- Colaborar cando sexa preciso, na elaboración das Adaptacións Curriculares.
- Colaborar na elaboración de Programas de estimulación da linguaxe oral e prevención de posibles dificultades nos cursos de Educación Infantil.

Debido ao elevado número de dificultades na comunicación e na linguaxe atopadas, e por non dispoñer de sesións dentro do horario, o Programa de estimulación da linguaxe na etapa de Educación Infantil se levará a cabo por parte da mestra de apoio á Educación Infantil, coa colaboración da mestra de A.L.

- **Obxectivos xerais:**

Dadas as características do alumnado, os obxectivos xerais serán os seguintes:

- Potenciar os elementos prelingüísticos.

- Favorecer o desenvolvemento da linguaxe nas súas compoñentes: fonética-fonolóxica, morfosintáctica, semántica e pragmática.
- Ampliar o vocabulario comprensivo e expresivo.
- Corrixir as alteracións articulatorias.
- Facilitar un SAAC.
- Mellorar as estruturas sintácticas ata lograr adaptalas á idade do neno/a.
- Fomentar situacións comunicativas axeitadas.
- Ofrecer el patrón lingüístico correcto.
- Detectar as alteracións de forma temperá para poderlas intervir canto antes.
- Colaborar cos demais docentes respecto ao desenvolvemento escolar do alumnado con neae.
- Manter contacto cas familias dos alumnos/as, ofrecéndolles información e pautas para poder traballar na casa cos nenos/as.

- **Metodoloxía:**

A metodoloxía, deberá ser personalizada, tendo en conta tanto a problemática do neno/a coma a súa resposta á metodoloxía empregada, os recursos, etc. Adaptando a metodoloxía en cada momento para que sexa o máis efectiva posíbel. Non debemos esquecer que, cada docente, está amparado pola liberdade de cátedra. De forma xeneralizada suxerimos as seguintes:

- Axustar a resposta educativa ás necesidades dos alumnos/as de AL.
- Indagar cales son os principais incentivos que fan que os alumnos cooperen.
- Motivar ao alumnado reforzando os seus logros.
- Procurar que os pais se involucren na atención educativa dos seus fillos.
- Garantir a participación da comunidade educativa e dos servizos externos ao centro.
- A intervención deberá revestirse dun clima de confianza de positividade cara a si mesmos.
- Terase en conta a forma lúdica de traballo mediante xogos interactivos para ordenador e páxinas web.



- **Temporalización das accións:**

O tempo empregado con cada neno/a, deberá ser flexible e adaptarse ás necesidades e intereses de cada alumno/a concreto. Tanto nas dislalias como na estimulación da linguaxe, serán suficientes sesións non superiores a 25 minutos. Nas outras dificultades, así como na lectoescritura, as sesións non excederán os 50 minutos.

- **Recursos materiais a empregar:**

O material específico é o axeitado. Deberá terse en conta que cada ano precísase renovar material coma luvas ou depresores linguais e crear material concreto para as necesidades atopadas.

- **Organización:**

Partindo dos informes de AL do curso anterior, farase unha avaliación inicial para determinar as neae existentes nos nenos/as que xa asistiron en cursos anteriores; como tamén das novas incorporacións. Faranse avaliacións continuas que permitan axustar o programa de intervención ás necesidades cambiantes dos alumnos/as. Ao remate do curso, a avaliación final, plasmará tanto os logros dos obxectivos, coma si o programa de intervención foi o mais axeitado.

## **6. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.**

Unha atención á diversidade de calidade implica contar cunha dotación axeitada e suficiente de recursos persoais e materiais. Ademais, no caso de alumnos/as con necesidades moi específicas, os informes psicopedagóxicos deben indicar que tipo de material específico e profesorado especialista se require para a atención a estes alumnos.

### **6.1. RECURSOS MATERIAIS.**

Procuraremos unha distribución flexible do espazo e o mobiliario tanto no centro coma na aula para a realización de diferentes actividades. Sempre que sexa posible utilizaranse recursos ordinarios, reservando os específicos para aqueles casos nos que sexa indispensable.

Para a selección dos materiais seguiremos os seguintes criterios:

- Ser atractivos para os alumnos/as.
- Que poidan ser utilizados polo máximo número posible de alumnos/as a través de distintas áreas e con diversas finalidades.
- Que poidan experimentar con eles.
- Que sexan sinxelos, seguros e de doada reposición.
- Que sexan variados, funcionais e polivalentes.
- Recorrerase ás axudas técnicas cando sexan precisas para cada caso concreto.
- Teranse en conta as novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Cando se necesite dalgún recurso material específico non dispoñible no centro, poderase solicitar á Xefatura Territorial, por medio do EOE, ou a un Centro Específico de Educación Especial, xa que estes últimos funcionan tamén como centro de recursos.

### **6.2. RECURSOS PERSOAIS.**

Para a atención á diversidade o noso centro conta cos seguintes medios humanos: mestres/as titores/as, mestres/as de área, mestres/as especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, orientadora e auxiliar técnica educativa. As familias son tamén un recurso fundamental, e debemos implicalas na labor educativa, mantendo unha fluída e estreita colaboración con estas, sobre todo no caso de alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo.

Ademais dos recursos propios do centro, podemos solicitar a colaboración doutros recursos persoais externos ao centro, como o Equipo de Orientación Específico, Servizos Sociais, asociacións, Equipos de Atención Temperá...

### **6.3. CRITERIOS PARA ESTABLECER OS APOIOS.**

1. Dar prioridade ao alumnado con NEE e con necesidades específicas constatadas.
2. Priorizar a continuidade dos apoios.
3. Prestar atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe que requiran apoio especializado, segundo o seu informe psicopedagóxico, dando prioridade aos primeiros niveis e sempre que as medidas ordinarias realizadas non resultasen suficientes.
4. Priorizar os apoios nas aulas ordinarias, xunto co resto do alumnado dese grupo, na medida das posibilidades.
5. En casos excepcionais os apoios poderán levarse a cabo fóra da aula ordinaria, tendo en conta o nivel curricular de referencia do alumno ou alumna, e non excedendo en ningún caso un terzo da xornada escolar. Estes apoios se levarán a cabo o mínimo tempo posible e seguirán as recomendacións do seu Informe Psicopedagóxico.
6. A distribución horaria dos apoios será variable segundo a evolución do alumnado e a dinámica do centro.
7. A organización dos apoios deberá ser aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso.
8. O alumnado suxeito de reforzo educativo que non puidese ou non se considerase necesario o apoio especializado, recibirán este apoio por parte do profesorado de nivel dentro da aula ordinaria e con aportacións do Departamento de Orientación se os profesores tutores o solicitan.

## **7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.**

### **7.1. TITOR/A.**

As súas funcións veñen recollidas no artigo 81 do **Decreto 374/96 do 17 de Outubro** polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria. Grande parte destas funcións teñen unha relación directa coa atención á diversidade, xa que deberá desenvolver accións para coñecer cada alumno/a,



identificar as dificultades que poidan existir no proceso de aprendizaxe, prever e facer un seguimento, se é o caso, as adaptacións curriculares, considerar tipos de agrupamentos, etc.

## 7.2. MESTRE/A ESPECIALISTA EN PT E MESTRE/A ESPECIALISTA EN AL.

O profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica é o principal responsable de colaborar na implementación do reforzo pedagóxico nos centros ordinarios que escolaricen alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo. A mestra especialista en Audición e Linguaxe é a encargada de atender as necesidades relativas ao ámbito lingüístico que presentan os alumnos e alumnas, así como favorecer a detección dos problemas de comunicación e facilitar as estratexias de intervención.

A intervención do profesorado de apoio estará sempre vinculada á relación co alumnado, podéndose realizar de forma individual ou en pequeno grupo, tanto dentro como fóra da aula, aínda que o contorno onde se faga a intervención debe ser o máis normalizado posible, e o tempo empregado fóra da aula ordinaria debe ser o imprescindible.

As **FUNCIÓNS** destes profesionais se relacionan co apoio e asesoramento, e están recollidas na seguinte lexislación:

### **Orde 8 de setembro do 2021**

- a) Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
- b) Prestar atención docente directa ao alumnado indicado no punto 1 deste artigo, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias nas que o alumnado reciba o apoio.
- c) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do departamento de orientación.

- d) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seguimento e na avaliación delas.
- e) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- f) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.
- g) Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno ao que prestara apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluírá no seu expediente. No anexo V, a modo orientativo, figura un modelo dese informe.
- h) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

### **7.3. XEFATURA DO D.O.**

- a) Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento de orientación.
- b) Responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades del departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final do curso.
- d) Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que con carácter extraordinario fose preciso celebrar, levantando a acta correspondente.
- e) Asistir ás reunións convocadas polo xefe ou xefa do departamento de orientación do instituto de educación secundaria ao que está adscrito.
- f) Velar pola confidencialidade dos documentos, no seu caso.
- g) Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.

h) Realizar as avaliacións psicopedagógicas, no caso de estar en posesión das titulacións que se indican no artigo 4 a) do Decreto 120/1998, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme ao procedemento e os criterios establecidos no proxecto curricular do centro e responsabilizarse da elaboración do informe psicopedagóxico.

i) Coordinar, en colaboración cos profesores ou profesoras de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando á xefatura de estudos, cando sexa necesario, a proposta de organización da docencia para este alumnado.

l) Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.

m) Aquelas outras funcións que a Administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

#### **7.4. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.**

Está composto pola Xefa do Departamento, especialistas en PT e AL, coordinadora de Educación Primaria e coordinadora de Educación Infantil.

#### **7.5. EQUIPOS DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO.**

Están formados por especialistas aos que o centro poderá requirir a súa axuda con motivos debidamente xustificadas. Poderase solicitar a súa intervención cubrindo a ficha de solicitude existente páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, por requirimento da Xefa do DO, da Directora do centro (achegando informe do DO), co visto e prace da Inspección de zona ou a proposta directa deste último.

#### **7.6. EQUIPO DIRECTIVO.**

Con independencia das súas funcións xerais determinadas no Regulamento Orgánico dos centros e precisados no N.O.F., contéplase:

- Promover e organizar os tempos necesarios para a aplicación deste Plan.
- Coordinación con todo o profesorado a través da Xefatura de estudos.
- Solicitar os recursos externos cando sexa preciso.

## **8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.**

### **8.1. PLAN DE ADAPTACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL.**

O Período de Adaptación é un proceso de adaptación á escola que se levará a cabo segundo o recollido no Proxecto Educativo do centro atendendo as características específicas da cativada e daqueles que presenten Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

1. INTRODUCCIÓN
2. O PROCESO DE ADAPTACIÓN NA ESCOLA INFANTIL
  - 2.1.- OBXECTIVOS
  - 2.2.- ETAPAS NO PROCESO DE ADAPTACIÓN
3. PERSOAS IMPLICADAS NO PROCESO
  - 3.1.- OS NENOS/AS
  - 3.2.- AS FAMILIAS: A SÚA PARTICIPACIÓN E COLABORACIÓN
  - 3.3.- O PROFESORADO
4. ORGANIZACIÓN DO PERIODO DE ADAPTACIÓN
  - 4.1.- ASPECTOS MEDODOLÓXICOS
  - 4.2.- FASES
  - 4.3.- AVALIACIÓN
5. ANEXOS
  - 5.1.- FOLLETO INFORMATIVO (XUÑO)

- 5.2.- FOLLETO SOBRE OS HÁBITOS DE AUTONOMÍA (XUÑO)
- 5.3.- FOLLETO DE PAUTAS E INFORMACIÓNS DIVERSAS (SETEMBRO)
- 5.4.- FOLLETO INFORMATIVO SOBRE O PERIODO DE ADAPTACIÓN (SETEMBRO)
- 5.5.- FOLLETO DE LIBROS QUE PODEN AXUDAR AO PROCESO DE ADAPTACIÓN (SETEMBRO)
- 5.6.- ENTREVISTA INICIAL A CADA FAMILIA

## **1. INTRODUCCIÓN**

Os primeiros anos na vida dun neno/a son decisivos no seu posterior desenvolvemento persoal e social.

A entrada nunha escola infantil significa o primeiro achegamento a un espazo educativo e de relacións que acompañará a nena/o durante moitos anos da súa vida, pero significa tamén a primeira separación do seu medio familiar.

Non é un momento sinxelo, de aí que unha axeitada elaboración desta separación, cuidando a continuidade do apego entre pais, nais e educadoras/es e a transición entre ambos os dous contextos, familia e escola, permitirán aos nenos/as sentar as primeiras bases da súa autoconfianza.

Para eles/as ese tránsito da vida familiar á vida escolar é só un pasiño máis no seu proceso de crecemento que está pasando, neses intres, por unha fase especialmente importante. Están construíndo as bases da súa personalidade e, nese proceso, cada nova etapa que se abre, incorpora elementos e ferramentas novas sobre unha dobre base: a vitalidade e a seguridade (que lles vai permitir iniciar actuacións, arriscarse, aprender,...).

A superación do proceso de adaptación supón para as nenas/os a autoafirmación, o crecemento das posibilidades persoais, ampliación do mundo relacional, novas aprendizaxes e o descubrimento da escola como un lugar agradable.

## **2. O PROCESO DE ADAPTACIÓN NA ESCOLA INFANTIL**

Entendemos por Proceso de adaptación o conxunto de fases sucesivas polas que a nena/o chega a acomodarse a un medio novo, a escola, que non é coñecido nin habitual.





O ingreso na escola supón para o neno/a un gran cambio. Sae dun mundo familiar con códigos establecidos e roles determinados e coñecidos, dun ambiente no que se sente protexida/o, onde é o centro de atención, e introdúcese no ambiente escolar, onde o contemplan, dende outro punto de vista, como alumna/o dentro dun grupo no que se ten que relacionar en espazos diferentes, cuns materiais e mobiliario diferentes, con outras maneiras de facer e de dicir as cousas, con moitos cambios e novidades na súa vida cotiá con outras nenas/os e con outras persoas adultas que non son da súa confianza.

Neste proceso de adaptación as nenas/os deben coñecer ese lugar, facelo propio, chegar a gozalo, establecer vínculos de relación... e isto leva o seu tempo, de aí a consideración de sentir o proceso de adaptación como unha necesidade do alumnado.

A adaptación, polo tanto, constitúe un proceso complexo no cal se desenvolven unha serie de relacións intersubxectivas entre as familias, o persoal docente, o persoal non docente (coidador/a, conserxe...)as nenas/os, e por medio da cal se construírán vínculos que vivirán ao longo do seu paso pola escola.

A adaptación é unha conquista persoal que implica un proceso interno no que os tempos e as interaccións son individuais, intransferibles, tinxidos de emocións e de vivencias, de esperas e de experiencias propias e compartidas, de medos e de xogos, de desexos e de inqedanzas. Este período non ten unha duración fixa para todas/os, xa que é algo que a propia nena/o ten que elaborar. Por iso é importante respectar os ritmos individuais entendendo a cada nena/o como unha persoa única e diferente. Neste mesmo senso hai que considerar a duración do período para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo e mesmo establecer un plan individualizado. Todo isto debe contemplarse dende plans que atendan á diversidade do alumnado, polo que a flexibilidade debe ser a característica básica dun plan de adaptación.

Estes cambios poden xerar alteracións de tipo afectivo, cognitivo, relacional, somático... e os tempos e ritmos de superación resultarán diferentes para cada nena/o.

É importante saber e ter en conta que non todos os nenos/as reaccionan igual diante da mesma situación. Hai nenas/os que choran, berran, gritan, patexan, poden agredir a outras nenas/os ou a si mesmas/os, negarse a comer ou durmir, a falar, a sentar...

Hai tamén quen amosa retraemento, rexeitando calquera tipo de contacto ou de proposta de actividade. Cada unha delas/es require unha atención diferenciada do docente.



Todos estes cambios provocan ansiedade, malestar e incerteza, tanto nas nenas/os como nas familias, e a intensidade difire en función do tipo de familia e das experiencias previas de socialización por parte das nenas/os.

O ambiente debe presentarse rico en relacións e solidario coas necesidades de cadaquén. Cada nena/o debe encontrar alí respecto cara á súa individualidade, apoio, confianza e un clima afectivo de calidade. A adaptación supón a aceptación dunha nova situación, un reto: por primeira vez, a nena/o están sós fronte ás súas posibilidades.

O profesorado temos a responsabilidade de programar e organizar, a incorporación á escola e os primeiros días de clase, cunha planificación coidada, especial e de atención particular, recoñecendo que a forma de resolver estas primeiras experiencias sociais e educativas terá unha grande influencia na historia escolar dos nenos/as.

Unicamente cando se supera este proceso, a escola infantil pode ser para as nenas/os un lugar de enriquecemento e de ampliación das súas experiencias.

### **2.1.- OBXECTIVOS**

Os obxectivos para o proceso de adaptación que nos plantexamos son os seguintes:

Facilitar o tránsito dun espazo familiar a outro espazo escolar con novos tipos de relación.

Conseguir que a adaptación do alumnado á escola sexa a idónea para o seu correcto desenvolvemento.

Diminuír a tensión, o medo, a angustia e a ansiedade creados polo cambio de situación, centrándonos no axuste a un medio físico, a unha organización temporal diferente e a un mundo relacional distinto.

Compartir información relevante entre as familias, o profesorado e o alumnado (as súas preferencias, o seu desenvolvemento, a súa autonomía, a aceptación de límites...) para mellorar o coñecemento mutuo.

Favorecer no alumnado a sensación de seguridade na nova situación escolar.

Xerar relacións vinculares entre nenas/os, as súas familias e o profesorado, baseadas na confianza e na profesionalidade.

Descubrir o gozo de estar coas outras nenas/os nun ambiente estimulante.



**Os obxectivos deste proceso conseguiranse promovendo:**

Que cada nena/o se sinta acollida e acollido grazas ao contacto físico e ao diálogo persoal.

Que alumnado e familias coñezan o profesorado e o contexto escolar: os espazos escolares, organización, uso das zonas comúns...

Que o alumnado se familiarice con materiais e actividades cotiás da escola infantil.

Que alumnado e familias integren o ritmo escolar e os horarios nos seus hábitos de sono, alimentación, descanso, tempos de xogo...

Que alumnado e familias coñezan as compañeiras e os compañeiros de escola.

Que o alumnado se recoñeza paulatinamente parte integrante do grupo.

Que alumnado e familias expresen os seus propios sentimentos e expectativas cara á escola e se sintan parte da comunidade educativa.

## **2.2.- ETAPAS NO PROCESO DE ADAPTACIÓN**

Neste proceso de adaptación pódense establecer unha serie de etapas polas que pasan as nenas/os, a familia e o profesorado:

### **Achegamento**

Nun primeiro momento trátase de coñecer, observar, comunicar e intercambiar sentimentos e emocións. As familias precisan nesta etapa percibir a profesionalidade e experiencia do profesorado e o que se agarda delas. Se o profesorado consegue transmitir unha mensaxe de acollida, de benvinda, contribuirá a crear nas nais/pais un sentimento de confianza, e con iso abrir canles para atoparse, para intercambiar informacións, para participar, para relacionarse...

### **Confianza**

Cando se produce a separación física, as familias entregan a súa filla/o a outra persoa ou persoas que van constituír un novo referente afectivo. O educador/a debe tomar esa base segura dende a que dar continuidade á experiencia educativa das familias, pero sen asumir competencias do ámbito familiar que non lle son propias.

A construción da relación de confianza empeza nas máis pequenas/os a través do corpo, cando aceptan que outra persoa adulta satisfaga as súas necesidades. Nas nenas/os maiores a figura da educadora substitúe a familia como introdutora cara ao grupo de iguais, como mediadora nos conflitos, como facilitadora de exploracións e de experiencias...

As familias precisan recibir neste momento mensaxes tranquilizadoras e informacións positivas e claras sobre os procesos que se están levando a cabo.

### **Pertenza**

Nesta etapa consolídase a relación de confianza entre a familia e a escola. A nena/o comeza a atopar o seu lugar entre os dous contextos e constrúe progresivamente unha dimensión relacional con outras persoas adultas e iguais. A educadora ou o educador axuda a construír códigos, significados que faciliten o sentido de pertenza ao grupo, tanto para nenos/as como para as súas familias. Daquela, nesta etapa as familias necesitan que se lles transmita como resultou a experiencia da adaptación.

## **3.- PERSOAS IMPLICADAS NO PROCESO**

Este período implica aos nenos/as, a familia e o profesorado, polo que todas estas persoas terán que ser tidas en conta á hora da súa planificación.

### **3.1 As nenas e os nenos**

A separación da familia e os cambios de centros non sempre resultan doados.

Os nenos/as necesitan certo tempo de adaptación no que poidan ir establecendo vínculos afectivos co profesorado e coas outras persoas que estarán en contacto con elas/es, vínculos que lles permitan adquirir a seguridade e a confianza necesarias para empezar a explorar os espazos, os materiais, as posibles relacións e, así, descubrir as posibilidades que a escola infantil lles brinda.

Durante o proceso de adaptación, nenas/ os deben acometer unha tarefa que contemple:

### **Adaptación a novos espazos e materiais.**

Supón un esforzo de orientación, de exploración autónoma e guiada; de control das ansias de movemento. Un esforzo por coñecer a funcionalidade de cada espazo e material, adxudicándolle un significado que lles permita anticipar unha rutina que lles devolva seguridade. É un lugar novo que explorar, onde xogar e do que apropiarse, con recursos novos, con posibilidades únicas ou diversificadas, con usos específicos ou múltiples, que requiren de técnicas novas de utilización ou de transferencia doutras xa aprendidas, con xeitos guiados ou autónomos de emprego...

### **Adaptación a outras persoas adultas.**

As nenas/os van coñecer unha ou varias persoas novas, que serán mediadoras, a quen lles solicitarán axuda, e que terán como referente. Pero ademais, deben aceptar antes que nada unha persoa descoñecida, a súa autoridade e normas. Unha vez establecido o vínculo afectivo, o profesorado é quen de converterse en mediador para as aprendizaxes, experiencias e vivencias que se dan na escola.

### **Adaptación a outras nenas/os.**

Coa incorporación á escola infantil, a nena/o xa non dispón dunha ou varias persoas adultas en exclusiva para satisfacer as súas necesidades. Compartir o afecto e a atención da persoa adulta nunha relación inversa da vivida ata agora supón para as nenas/os un proceso chamado de descentralización: de ser o centro do mundo pasan a aprender a gardar quenda, a negociar, a seguir o ritmo colectivo, a ser aceptadas ou encaixar o rexeitamento... iniciando o camiño da socialización. Tendo como referente que o que se pretende con este período é que as nenas/os se sintan a gusto, establezan relacións positivas dentro do grupo e utilicen de xeito axeitado espazos e materiais, e contando coa información obtida (entrevista, observacións recollidas nas fichas de rexistro), realizaremos a avaliación do proceso persoal, onde se valorará o grao de adaptación para dar por finalizado ou non o proceso.

### **Adaptación a situacións de aprendizaxe novas.**

Xeralmente, a nena/o aprendera ata agora por descubrimento e con axuda da familia; agora terá novos medios: as e os iguais como modelos que imitar; as actividades especialmente deseñadas para aprender, para investigar, para experimentar...; a participación en tarefas de centro-aula-grupo... Moitas destas actividades, aínda que as tivese feito, terán agora unha nova dimensión, unhas normas concretas.

O proceso de adaptación non sempre se realiza satisfactoriamente as situacións que se observan na escola en nenos/as poden ser:

- Dende o punto de vista somático, alteracións de sono, de alimentación, trastornos dixestivos...

- Dende o punto de vista psíquico, ansiedade ante a separación e sentimentos de abandono, de medo, ciumes dos outros irmáns/á e envexas na escola.

- Dende o punto de vista afectivo e social obsérvanse:

Nenas/os que choran e néganse a ser atendidas/os por persoas estrañas.

Nenas/os resignadas/os: non están adaptadas/os, non choran pero só “cumpren ordes das súas figuras de apego”. Participan na escola de forma resignada porque a actividade lles resulta nova, pero no fogar aínda manifestan condutas negativas.

Nenas/os desesperados/as: non manifestan agresividade, son nenos/as que se manteñen illados/as e rexeitan todo.

Nenas/os aferradas/os: queren asegurarse de non perder a súa figura de apego, polo que se aferran fortemente, por exemplo, a algún obxecto que traen do fogar.

As familias: a súa participación e colaboración

As familias do alumnado van ser fundamentais no proceso. O modo en que vivan a chegada á escola e a separación da súa filla/o influirá decisivamente, xa que o neno/a captará os sentimentos de tristeza, inseguridade..., ou pola contra de tranquilidade e confianza da súa familia. Cómpre, polo tanto, traballar en estreita relación coa familia, explicando o proceso de adaptación, a súa organización, os seus tempos e respondendo ás preguntas e expectativas. A realización de xuntanzas, entrevistas,... serán de gran axuda e deben entenderse como encontros para eliminar desconfianzas, para coñecer a escola, os



espazos escolares, para desdramatizar a incorporación do alumnado ao centro, para dar a coñecer como pasamos a xornada na escola...

### **Como poden axudar as familias no proceso?**

Transmitíndolle ás súas fillas/os como vai ser a súa estadía na escola, como é a aula, como é o profesorado..., Por iso é moi importante asistir ás xuntanzas programadas.

Fomentando a curiosidade e a paixón polo coñecemento nas súas fillas/os.

Amosándose receptivas para conectar coas intensas emocións que viven os pequenos/as cando se incorporan á escola, xa que senten excitación e alegría polo descubrimento de novas relacións e materiais, pero tamén desconcerto e desamparo.

Informando ao profesorado daqueles aspectos importantes que faciliten o coñecemento de nenas/os. Moitas informacións non se achegan nos primeiros momentos ou mesmo en situación de entrevistas, e si nos encontros informais nas horas de entradas e saídas, ou pasados os primeiros días da chegada á escola.

Amosando serenidade diante das alteracións da conduta das nenas/os (que se producen cando senten inseguridade e abandono), como choros, vómitos, febre, perda de control de esfínteres se xa o conseguiran..., e que con toda seguridade desaparecerán co tempo.

Dándolle ás fillas/os o tempo preciso para adaptarse progresivamente ás distintas situacións que se dan ao longo da xornada, polo que é conveniente que nos primeiros momentos non se incorporen aos programas de almorzos, comedor, e mesmo ás actividades extraescolares.

Facendo partícipes ao resto da familia do proceso que se está a seguir para que avós/oas, tíos/as, irmáns/ás..., poidan substituír á nai/pai nas entradas e saídas, xuntanzas,... e cooperen na mesma liña.

Non pretendendo que os nenos/as acaden na escola aquilo que, nalgún caso, aínda non conseguiron no fogar (que controlen esfínteres, que obedezan, que coman determinados alimentos que na casa non comen...).

Sabendo que cada nena/o é singular e non facendo comparacións coas compañeiras/os, non sobreprotexelas/os en exceso, non facendo comentarios negativos da escola, non pensar que a educación é só labor da escola...

Confiando que é un proceso que se resolve positivamente, posto que nenas/os gañan en recursos para a vida en comunidade.



### 3.3 O profesorado

O profesorado asume a responsabilidade de facilitar a separación e superación do proceso. Debe :

Amosar unha actitude de profunda empatía coas nenas/os e coas súas familias, acollendo os seus sentimentos de frustración, de angustia ou desconfianza.

Acoller a cada nena/o, así como orientar a cada familia, dun xeito o máis individualizado posible creando un ambiente acoledor e atractivo que invite e permita ao alumnado explorar e sentirse cómodos na aula.

Manter unha actitude receptiva, flexible e de observación, facilitando a axuda que a nena/o precise, ofrecéndolle protección...

Deseñar actividades que motiven o alumnado e as familias a participar, diminuindo así o medo, a ansiedade e a angustia que poidan sentir.

Facer mediación entre o alumnado chegado recentemente e o xa adaptado, así como entre as súas familias.

Manter fluídas canles de comunicación constante coas familias neste período.

Modificar constantemente o necesario valéndose da observación e dos rexistros realizados.

Establecer unha correcta planificación dos grupos, procurando que os nenos/as se poidan incorporar coas amizades que tamén veñen por primeira vez á escola.

Facilitar a interacción do grupo-aula posibilitando a creación de vínculos necesarios para a súa constitución. Presentarase máis propostas de actividade en grupo que individuais, pero respectarase e aceptarase que algúns dos nenos/as non queiran participar activamente e o fagan dende a distancia, ou mesmo dende a observación do que acontece, do que fan as e os demais.

Permanecer, se fose necesario, de forma ininterrompida coas nenas/os ao seu cargo, xa que a ausencia do titor/a vai provocar angustia nas nenas/os para as cales é a persoa de referencia. De aí que neste período de adaptación, nas aulas a presenza do profesorado especialista non vaia supoñer que o titor/a poida abandonar a aula. Igual tratamento terán os tempos de xogo no patio.

Poñer especial coidado nos momentos de recibir e de despedir o alumnado no lugar que se acordase coas familias.





#### **4. ORGANIZACIÓN DO PERIODO DE ADAPTACIÓN**

O período de adaptación é considerado como unha necesidade do alumnado e a súa planificación debe ser coidadosa para a seguridade emocional das nenas/os.

Debemos ter en conta os seguintes elementos:

O descoñecemento do espazo físico.

As dificultades para relacionarse coas e cos iguais.

A inexperiencia diante das tarefas escolares.

A sensación de abandono, de perda.

A falta dun concepto temporal que permita unha espera tranquila.

A ruptura cos hábitos alimentarios, de limpeza, de sono... da vida familiar.

A perda de elementos de privacidade nun contorno en que priman os esquemas colectivos sobre os individuais.

A menor atención prestada polo profesorado, pois xa non é unha atención en exclusiva.

##### **4.1 Aspectos metodolóxicos para ter en conta**

Para que a preparación da incorporación á escola sexa eficaz, axeitada e favoreza a adaptación e a integración do neno/a tentaremos facer...

##### **En canto á temporalización**

As actividades do período de adaptación terán lugar durante os meses de xuño (do curso anterior á escolarización) e setembro:

No mes de xuño iniciaranse os primeiros contactos de alumnado e familias co centro e co profesorado.



No mes de setembro terán lugar as entrevistas en profundidade e o proceso de incorporación do alumnado.

### **En canto ao horario**

Estará ben perfilado.

O tempo de permanencia de cada nena/o contemplará todos os momentos da xornada para que se interioricen, permitindo instaurar algúns hábitos e rutinas. Con espazos temporais ben diferenciados e remarcados (entrada, recreo, saída...). A adquisición de rutinas axuda os nenos/as nas súas aprendizaxes e estimula a súa percepción temporal.

Coidaranse especialmente as entradas, as saídas e os momentos de xogo no patio.

### **En canto á incorporación**

Será específica é individualizada. Farase en momentos diferentes ao resto do alumnado do centro.

Será progresiva. Farase un horario máis curto neste período para evitar xornadas excesivamente longas e ir ampliando o tempo de permanencia de xeito flexible e gradual, respectando o ritmo de cadaquén para asimilar as novas situacións. Informarase ás familias dende o primeiro momento de que o horario reducido terá unha duración limitada e de que é de cumprimento voluntario, para facilitar a conciliación familiar.

Será personalizada. Debese poder concibir períodos de adaptación diferenciados cando as características de determinado alumnado o requiran. O período de adaptación ten unha duración diferente para cada alumna/o, dependendo das circunstancias persoais, do apoio familiar e da capacidade da escola para achegarse ás súas peculiaridades e personalidade.

A duración do período de adaptación será a mínima necesaria para cada alumno e alumna, dando importancia á conciliación familiar e non alargándoo máis do imprescindible.

Será paulatina. Farase en grupos reducidos para que a educadora ou educador poida dedicarlle tempos máis personalizados a pequenos grupos de alumnas/os nos momentos iniciais da acollida.

Contará con tempo de permanencia flexible para o alumnado.

### **En canto aos espazos da aula**

O ambiente físico xoga neste período unha enorme importancia, xa que as nenas/os descubren un novo espazo que deben facer seu. É importante que o achegamento á escola resulte atraente, que favoreza a diversidade de movementos e o establecemento de relacións espontáneas. Así, o espazo debe cumprir os seguintes requisitos:

Ser acolledor e de fácil acceso.

Estar deseñado adecuadamente e de acordo coas actividades que se van desenvolver nel.

Estar preparado de forma funcional, de xeito que os nenos/as poidan facer as súas aproximacións aos xogos e a outras actividades, entre elas as de relación.

Estar ben equipado, “cheo” de mensaxes, de cousas interesantes, que dean resposta ás esixencias socio-afectivas, lúdicas e cognoscitivas das nenas/os.

Ter recantos ou zonas ben definidas dotados de mobiliario e de materiais. Estableceranse normas de uso, paulatinamente traballadas e adaptadas ao alumnado, que poden ser recollidas en carteis, nunha barra de rutinas...

### **En canto aos espazos comúns**

Os corredores estarán ambientados con sentido estético, con traballos realizados por outros nenos/as da escola aos que pouco a pouco se sumarán os dos novos cativos/as quen empecen, completándoo e enriquecéndoo.

Asegurar a accesibilidade aos lavabos e servizos. As nenas/os saberán da súa localización.

Realizaranse visitas aos diferentes espazos do centro (biblioteca, ximnasio, comedor, aula de informática...). Con estas primeiras exploracións as nenas/os empezarán a tomar conciencia do ambiente no que se atopan.

### **En canto ás actividades**

Planificaranse algunhas específicas para adaptarse ao horario e ir desenvolvendo unha certa conciencia temporal, de afianzamento das rutinas espazo-temporais.

Presentaranse outras específicas que axuden na adaptación ao espazo e para ter puntos de referencia persoal nun espazo común.

Contarase con actividades para integrarse no grupo e para sentirse protagonista, que favorezan o vínculo da persoa docente coas nenas/os, das nenas/os entre si e do alumnado coa escola.

Programaranse actividades para achegarse á tarefa escolar, presentando os materiais, as técnicas...

### **En canto aos materiais e recursos a empregar**

Farase unha selección coidada e acorde cos obxectivos do período e o alumnado que o vai empregar, tendo en conta a diversidade das nenas/os.

Contarase con materiais suficientes, suxestivos e interesantes, polivalentes nas súas posibilidades de xogo e de uso.

Estará disposto e accesible para facilitar hábitos de recoller e de buscar cando sexa preciso, e preparado antes da chegada do alumnado. Presentarase ben estruturado e irase engadindo máis, pouco a pouco.

Estableceranse por consenso normas de uso en común e faranse públicas para que todas/os as poidan coñecer e lembrar.

### **En canto á relación coas familias**

Establecerase unha visita previa ao centro en xuño, na que se lles fará entrega de folletos informativos para ir preparándose coas fillas/os no verán.

Programaranse, no mes de setembro, xuntanzas iniciais para establecer pautas de funcionamento, informacións xerais da escola, obxectivos, características... A estas xuntanzas deberá acudir todo o equipo docente que intervirá co alumnado dese grupo, sendo esto de especial importancia no primeiro nivel do ciclo.

Manterase intercambio de información formal e informal sobre como se desenvolve a adaptación.

Realizaranse entrevistas iniciais en setembro, farase entrega dun segundo folleto de suxestións para os primeiros días...

## **4.2 Fases no proceso de adaptación**

Desenvolveranse varias fases nas que a colaboración e participación de todos os recursos humanos e materiais do centro serán fundamentais:

**Fase previa:**

Con ocasión da matriculación no centro escolar, resulta conveniente establecer unha primeira xuntanza entre o profesorado e as familias sen a presenza das nenas/os. Sinalarase unha xuntanza en xuño na que se poida dar a coñecer a escola. Débeselles explicar as cousas con claridade: que son os obradoiros, os proxectos, que quere dicir traballar por recantos, a metodoloxía...

Puntos que se van tratar nesta primeira reunión:

Explicar a importancia de preparar o alumnado no verán reforzando hábitos que favorezan a súa autonomía en alimentación, vestido, aseo e control de esfínteres.

Expoñer as condutas que as nenas/os poden manifestar coa entrada na escola en canto a alteracións de comportamento e como actuar ante condutas como facerse pis, chorar máis, comer e durmir peor...

Comentar a postura que deben manter as familias, cunha actitude non proteccionista e que transmita unha imaxe real da escola.

Anticipar que durante o mes de setembro se realizará outra xuntanza e as entrevistas individuais para recadar información significativa.

Invitar os pais/nais a expresar as súas dúbidas, inquedanzas e iniciativas. Sobre todo, é importante que reciban nesta primeira reunión todas as informacións prácticas relativas á vida da escola e á permanencia nela da súa filla/o.

**Primeira fase:**



## Plan Xeral de Atención á Diversidade – CEIPP Sta. M<sup>a</sup> do Castro

É interesante que o alumnado acuda ao centro xunto coa súa familia (no mes de xuño) para que poida explorar o ambiente e ao iniciar o curso haxa cousas que lle resulten familiares. Esta visita servirá para coñecerse.

Esta fase permitirá que as nenas/os:

Poidan durante este día ter os primeiros contactos co centro, o alumnado e o profesorado acompañados pola nai e polo pai.

Tomen contacto cos materiais da aula e se acheguen a espazos, sons, persoas, materiais... para que logo non os asusten ou lles xeren ansiedade e para que lles vaian resultando coñecidos e lles axuden a anticipar o cambio de actividade.

Percorran as clases, vexan libros, xogos..., estean no patio con outras nenas/os de idades similares. O alumnado actual poderá participar na acollida das novas amiguiñas/os durante estes días.

Esta fase permitirá coas familias:

Traballar a motivación das nais/pais para colaborar no proceso e implicalas/os nas tarefas educativas da escola.

Prever unha organización familiar que permita levar adiante o plan evitando as tensións por ter que conciliar escola, familia e traballo.

Coñecer mellor o centro e as súas características, o profesorado, as dinámicas... que lles dará confianza e tranquilidade á hora de deixar o seu fillo/a na escola.

Que traian as nenas/os por primeira vez ao centro, poidan coñecerse (as familias), e favorecer que se relacionen as nenas/os durante o verán.

Convén que as familias ao chegar á casa comenten a visita ao centro coas súas fillas/os, que rememoren o agradable que era o que viron, o bo que é ter tantas nenas/os con quen xogar, o profesorado que había... creando interese, desexo de coñecer a escola, de ir a ela..., falar en positivo.

### **Segunda fase:**

En setembro, antes da incorporación das nenas/os á escola, manterase unha reunión xeral coas familias. Nela, o profesorado recompilará datos relevantes e pertinentes sobre o alumnado e con eles, posteriormente, cubrirá un cuestionario.

Este encontro ten como funcións:



A presentación persoal da mestra ou do mestre.

Expoñer as liñas básicas do proxecto educativo.

Informar sobre o horario da aula (distribución do tempo, actividades...).

Informar sobre o profesorado especialista co que se conta.

Xustificar e explicar o período de adaptación.

Comentar a entrada graduada do alumnado, o seu obxectivo, o horario dese período, a importancia da puntualidade, tanto na chegada como na recollida do alumnado,...

Recordar a necesidade da progresiva autonomía: do vestiario, do control de esfínteres, no xantar e merenda...

Achegar suxestións sobre o seu comportamento durante este período.

Comentar polo miúdo a incorporación no primeiro día tendo en conta que cómpre que veña alguén da familia co neno/a para darlle seguridade no seu achegamento ao grupo.

Organizar as incorporacións establecendo os agrupamentos, simultaneando a presenza daquelas nenas/os que manteñan relacións de amizade, veciñanza ou familiaridade.

Unha vez empezadas as clases farase unha entrevista individual con cada familia, que organizará o titor/a correspondente, e terá como funcións:

Recoller información relevante sobre o alumnado e a súa familia.

Solicitar que compartan calquera comentario sobre o comportamento da súa filla/o que lles chame a atención nestes primeiros momentos.

### **Terceira fase: a incorporación, o primeiro día da escola**

Este primeiro día de escola non debe ser nunca o primeiro contacto. Previamente, nas fases anteriores, permitiráselle aos nenos/as elaborar unha imaxe da escola e posuír referencias previas positivas.

É necesario que o alumnado acuda ao cole na compañía dalgunha persoa moi vinculada a el. Cando a persoa acompañante se retira non debe prolongar a despedida máis do necesario e ten que recordarlle á nena/o que despois irá recollela/o, para que teña algunha referencia. Disto debe ser informado o alumnado por moi pequeno que sexa. A marcha da persoa acompañante nunca debe ser sen aviso, mentres a nena/o está distraída,



xa que esta é unha estratexia que trae máis problemas ca solucións: o engano afectará á construción dun vínculo de confianza coa escola.

Xa durante a xornada, cando as alumnas/os preguntan polas persoas acompañantes, daránselles referentes e indicadores temporais claros.

É moi importante recordarlles ás e aos acompañantes o papel que xoga a puntualidade á hora de vir recollelas/os, xa que esta inflúe na construción da confianza que están realizando as nenas/os.

### **Cuarta fase: de continuidade**

A entrada, graduada, posibilitará que cada poucos días entre un grupo de catro ou cinco nenas/os como máximo, segundo criterios acordados e de acordo coa distribución realizada polo equipo de profesorado. Durante os primeiros contactos do mes de xuño, xa se pode suxerir ás familias que reserven un tempo da súa xornada laboral para poder acompañar as nenas/os nestes días. Esta entrada pausada permite que a persoa docente poida facilitar dunha maneira máis individualizada e directa a separación das nenas/os das súas nais/pais; así como unha observación máis minuciosa das reaccións e necesidades de cada pequeno/a.

O alumnado incorporárase progresivamente á vida cotiá da escola, irá coñecendo o edificio, outras aulas, o patio de recreo, as persoas, as compañeiras/os, asumindo hábitos e normas de convivencia. Nesta fase prestarase especial atención aos conflitos que se produzan e á súa resolución.

Ao final do período de adaptación todo o alumnado asistirá o horario completo, exceptuando aqueles alumnos/as que necesiten unha ampliación deste proceso debido a necesidades específicas que avaliaría o titor/a do seu caso.

### **4.3 Avaliación**

#### **Un antes**

Deseño do plan de adaptación, tendo en conta os documentos do centro e recolléndoo na PXA.

Análise deste polo profesorado, debate e achega de modificacións e de





adaptacións necesarias para cada curso e grupo.

Desenvolvemento do plan: calendario, horarios, agrupamentos, tarefas que cómpre realizar, documentos que hai que elaborar ou reelaborar, persoas que van participar...

### **Un durante**

Seguimento e adaptación do calendario e propostas.

Intercambio de informacións e participación das persoas implicadas.

Seguimento do proceso:

Se as nenas/os estableceron vencellos coas/os seus iguais e coas persoas adultas ademais de coa mestra titora ou o mestre titor.

Se son quen de explorar os recunchos e materiais, de orientarse nos espazos, de entreterse con materiais de xogo e de implicarse nas tarefas escolares.

Se deixan de aferrarse aos elementos transicionais.

Se son quen de pasar a mañá ou a xornada sen lembrarse da súa nai/pai, e de despedirse tranquilamente da familia.

Se adquiren unha primeira dimensión dos ritmos da xornada: saben, por exemplo, que vai pasar despois do recreo ou que a familia vai vir buscala ou buscalo despois da hora do conto...

Seguimento dos rexistros que se van realizar, adaptacións e axustes necesarios.

### **Un despois**

Avaliación e propostas de mellora de cara a cursos sucesivos, onde reflexionaremos sobre:

Como foi a adaptación do alumnado.

Os erros: temporais, de planificación, organizativos...

As xuntanzas coas familias: a asistencia, a efectividade, se o horario foi accesible para as familias, o clima de cordialidade, a documentación entregada, o fomento da participación, os espazos...

Se a escola dispuxo de flexibilidade abonda para adaptarse ao alumnado e á súa diversidade.

## **5.- ANEXOS ( Ao final do documento).**

### **8.2. COORDINACIÓN EDUCACIÓN INFANTIL-PRIMARIA.**

#### **INTRODUCCIÓN**

Os cambios que experimentan os nenos/as ao pasar da etapa de Educación Infantil a Primaria son significativos. Estes cambios teñen que ver cos métodos didácticos, que levan consigo unha diferenza nos procedementos de aprendizaxe, co currículo, co espazo do centro onde se desenvolven as diferentes etapas dentro do centro, coa organización da aula... A actividade escolar, que antes se caracterizaba por unha metodoloxía lúdica e en grupo, transfórmase nun traballo serio e individual, onde cada neno/a dispón, por primeira vez de libros de texto propios para cada materia e de material escolar individual do cal é responsable.

Para estes cambios os alumnos/as requiren dun período de adaptación, por iso é preciso que a articulación entre as dúas etapas se desenvolva de forma progresiva, cunha continuidade lóxica e natural onde a implicación e coordinación dos mestres/as é fundamental. Esta coordinación entre os docentes de Infantil e Primaria permitirá coñecer de antemán as necesidades e características escolares dos alumnos/as, co fin de darlles a resposta educativa máis axeitada ás súas necesidades.

#### **DIFICULTADES DE COORDINACIÓN ENTRE O CICLO DE INFANTIL E O 1º CICLO DE PRIMARIA.**

En numerosas ocasión existen diferenzas de interpretación do currículo por parte dos mestre/as que imparten docencia na educación infantil e no 1º ciclo de educación primaria. Moito disto ven dado por falta de comunicación e dunha axeitada coordinación entre os ciclos. Estes problemas vense reflectidos nos obxectivos que os máis pequenos deben acadar en aspectos como o da lecto escritura ou a lóxica matemática.

A maior falta de entendemento ven dada porque dende o ciclo de primaria espérase que os cativos/as acaden na educación infantil uns obxectivos superiores aos que se establecen como mínimos no currículo desta etapa de infantil, mentres , as mestras de infantil queren acadar todos os obxectivos mínimos das tres áreas do currículo por igual, e

non priorizar só unha parte que en infantil non é a máis importante, pois só está establecido como unha iniciación e achegamento, debido a que este ciclo non é de carácter obrigatorio.

### **VARIABLES A CONSIDERAR NA COORDINACIÓN.**

Algunhas das variables a ter en conta na coordinación entre ciclos de educación infantil e primaria son:

- Grupos homoxéneos: non sempre ou case nunca os grupos son homoxéneos, xa que a estas idades o nivel madurativo de cada neno/a é moi variable e a diversidade é un factor a ter sempre presente.
- Variedade no número de alumnos/as: atendendo ao anterior tamén debemos ter en conta a ratio, xa que estamos nun centro no que esta varía ano tras ano. Hai cursos no que a ratio é baixa (aprox. 10 nenos/as) e outros no que esta aumenta considerablemente (20-25), este factor claramente afecta á atención individualizada tan precisa na educación infantil, así que non sempre pode ser a mesma. Isto pode provocar que alumnos dunha clase menos numerosa cheguen á educación primaria cuns contidos e obxectivos adicionais que ao mellor nunha clase moi numerosa non se poden traballar por falta de tempo e apoios necesarios.
- Ausencia de apoios: este factor está moi relacionado co anterior xa que en infantil non sempre se conta cos apoios necesarios na aula. A pouca dispoñibilidade horaria da mestra especialista en A.L nos últimos anos dificulta a mellor estimulación de aspectos tan importantes como a linguaxe, entre outros. Esta carencia tamén está reflectida na educación primaria, xa que hai nenos/as con pequenas dificultades que se non son traballadas axeitadamente na etapa de infantil, por esta falta de apoios, en primaria vense incrementadas polo que precisará maior reforzo.

### **ASPECTOS ORGANIZATIVOS.**

- É recomendable realizar unha reunión no mes de xuño entre final de ciclo de infantil, 1 e 2º cursos de primaria e o Departamento de Orientación, no caso de ser posible.

- No mes de setembro realizárase unha reunión de niveis. Recoméndase que a esta reunión asistan todas as persoas especialistas implicadas, priorizando de ser o caso o primeiro nivel da etapa.
- Realizárase unha reunión por trimestre ademais de todas as que sexan precisas.
- O informe de avaliación individualizada de cada alumno/a figurará no expediente do centro. Tamén é aconsellable deixar nestes expedientes unha copia de todos os informes así como das entrevistas realizadas coas familias.

#### **PROPOSTA DE ACTIVIDADES CONXUNTAS.**

- No último trimestre , o último curso de infantil fará unha visita ao 1º curso de primaria, como aproximación a esta nova etapa.
- Procurárase realizar convivencias e promoveranse obradoiros conxuntos durante todo o curso escolar.
- Levarase unha colaboración estreita a través dos proxectos de aula ou nivel.

Estas actividades serán recollidas na programación xeral anual do centro.

#### **TRATAMENTO DA LECTURA E A ESCRITURA**

Os dous ciclos non coinciden nun método de ensinanza-aprendizaxe, polo que neste aspecto débese buscar un acordo para facilitar unha progresión coherente e un aprendizaxe significativo.

Neste aspecto debe quedar claro que o ciclo de infantil chegará ata os mínimos establecidos no *DECRETO 150/2022, de 8 de setembro, por el que se establece a ordenación y el currículo de la educación infantil en la Comunidad Autónoma de Galicia* e que os primeiros niveis de primaria deben partir dos obxectivos marcados no seu currículo *DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia.*

#### **8.3. COORDINACIÓN EDUCACIÓN PRIMARIA-SECUNDARIA.**

Os alumnos do noso centro teñen como referencia ao IES A Cachada, por iso os Departamentos de Orientación de ámbolos dous centros manteñen contacto para determinar liñas de acción e coordinación.

Entre as estratexias de colaboración e coordinación que se levan a cabo entre os dous centros destacan dúas fundamentalmente:

1. **Visita dos alumnos/as de 6º ao IES A Cachada a finais do mes de maio.** Os obxectivos desta visita son facilitar a incorporación ao IES dos alumnos/as que rematan Educación Primaria, coñecer ao equipo directivo e orientador/a, despexar dúbidas que lles poidan xurdir e acadar a integración cos demais alumnos/as o antes posible. Nesta visita se lles proporciona información sobre aspectos dos IES que poden ser do seu interese:

- Dependencias do IES e os usos das mesmas.
- Normativa básica do centro.
- Estrutura do sistema educativo (materias, horarios, optativas...)
- Dinámicas de convivencia entre alumnado dos centros (lecturas compartidas, obradoiros...)

2. **Elaboración dos informes finais de Etapa.** Neles recollerase:

- Datos académicos relevantes.
- Resumo académico.
- Medidas de atención á diversidade.
- Información adicional.
- Propostas para o 1º curso da ESO.

### **9. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.**

A través do equipo directivo do centro canalízanse relacións de colaboración con persoas e institucións que poidan achegar a súa colaboración para atender de xeito global ao alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo. Algunhas son o Concello,

Servizos Sociais, Biblioteca Municipal, Centros de Saúde, Asistentes Sociais, profesionais privados....e de xeito especial, as familias.

### **9.1. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA E FAMILIA.**

As funcións educativas da familia e da escola complementáanse e deben coordinarse para integrar os variados influxos educativos que os diversos ambientes sociais poden introducir.

A comunicación continuada e comprensiva entre toda a comunidade educativa, sobre todo entre pais e educadores é fundamental en todo o proceso educativo. Os pais teñen dereito a coñecer a marcha de tal proceso en relación cos seus fillos/as, e os educadores deben ter presente esta relación en todo momento. A información subministrada polos pais e que os educadores proporcionan ás familias han de servir para establecer unhas relacións estables de traballo entre ambos estamentos.

En definitiva, a colaboración entre pais e comunidade educativa é indispensable por varios factores:

- Porque a educación se da, antes que nada, no seo da familia, e os pais non poden estar alleos ao obxectivo común que os une coa escola: a educación dos seus fillos/as.
- Porque os feitos que ocorren nas escolas son importantes obxectos de comunicación para o colectivo social, e especialmente para o colectivo familiar directamente implicado.
- Porque a educación non é un feito illado, que se da de forma parcelada en sectores (familiar, escolar), senón dentro dun sentido de responsabilidade compartida, en cooperación e por medio dunha activa participación conxunta nos procesos educativos.
- Porque os nenos/as senten e perciben favorablemente a participación dos pais na escola, aportándolles seguridade, incentivos e modelos para a propia socialización.

- Porque a participación dos pais no centro, transforma tanto a experiencia familiar coma a escolar, reunindo nun esforzo conxunto a formación do neno/a dende un punto de vista íntegro, consolidando diferentes formas de comunicación. É por iso necesario que os mestres/as e pais entren en contacto permanente, polo que será necesario establecer diferentes vías de comunicación.

De seguido imos ver as distintas vías de establecer no noso centro a COMUNICACIÓN E COLABORACIÓN conxunta familia-escola:

- **Representación nos órganos colexiados:**

A presenza dos representantes dos pais nos órganos colexiados, constitúe un poderoso factor de control e participación en actividades claves no noso centro e no propio proceso educativo. Deste xeito, a participación considerámola coma unha labor de cooperación en todo momento, así coma un intercambio de suxerencias e expectativas, e coma un factor de clarificación de posibles malentendidos. Así pois, esta participación convértese nun factor positivo que, en definitiva, vai redundar en beneficio dos nenos/as.

- **Asociación de nais e pais:**

A través desta asociación, os pais dos nosos rapaces/as, convértense en colaboradores activos do centro educativo. A nosa asociación funciona activamente e non por rutina, de xeito que é o motor de determinadas actividades vinculadas ao proceso educativos dos nenos/as.

- **Reunións xerais:**

Destinadas a tratar temas de interese xeral, como poden ser a metodoloxía, aspectos prácticos, aspectos psicolóxicos...Realízanse a principio de curso ou sempre que un asunto de importancia ou de urxencia así o requira. Estas reunións fanse en grupo por facilitar a comunicación e a información directa e cercana.

- **Reunións de tipo festivo:**

Encamiñadas a establecer contactos máis estreitos, cálidos e cordiais. Fanse en ocasións determinadas, como é o caso de Festas: de Nadal, Fin de curso....ou saídas, excursións, celebracións...

- **Informes escritos:**

Fanse como guía ou orientación para os pais, ademais de consignar os datos relativos ao progreso do neno/a. Especificáanse así porque realiza eses progresos esperados e/ou porqué non, e de que modo os pais poden colaborar no plan que o centro establece para conseguir resultados positivos.

Estes informes adoitan ser breves, claros e concretos, evitando o uso de expresións técnicas de difícil comprensión para os pais. É importante que sempre haxa a posibilidade dunha entrevista se fose necesario clarificar algún aspecto do informe.

- **Entrevista persoal:**

É unha das técnicas máis empregadas no noso centro, e que nós consideramos máis eficaz porque contribúe a que os pais e os educadores nos coñezamos máis profundamente, e onde se sentan as bases necesarias para unha boa colaboración. Require moito tempo e traballo para o mestre/a en canto á súa preparación e recopilación de datos sobre o alumno/a para ofrecerllos aos pais. Intentamos que haxa polo menos dúas entrevistas ao longo do curso, procurando sempre que estean ben preparadas e que sirvan para tratar cuestións relativas á evolución particular de cada alumno/a.

## **9.2. CONCELLO.**

O noso centro mantén relacións coas Entidades Administrativas Locais. Así as corporacións locais posúen na súa estrutura servizos adicados á educación. No noso Consello Escolar existe un representante do Concello, que fai chegar á corporación os problemas e necesidades do centro de forma máis realista e fluída.



Tamén dende o Concello, a través do Traballador/a Social e o Educador/a Familiar podemos arbitrar medidas de colaboración en temas que teñen que ver coa colaboración familiar.

### **9.3. SERVIZOS DEPENDENTES DO SERGAS.**

As unidades de atención temperá dispoñen de profesionais especializados no desenvolvemento infantil cubrindo áreas bio-psico-sociais. Estes servizos encárganse da detección precoz, o diagnóstico e orientación, educación, aspectos de saúde, médicos e de nutrición, así como asesoramento, formación e colaboración coas familias.

### **9.4. OUTROS CENTROS.**

Mantemos tamén relacións con outros centros que consideramos resultan frutíferas a distintos efectos:

- Para favorecer a transición de alumnos/as.
- Para o intercambio de materiais e instalacións.
- Para a canalización de propostas de innovación educativa.
- Para afondar no estudo da problemática do sector e a adopción de estratexias comúns.
- Para compartir xornadas de convivencia entre alumnos/as e mestres/as.
- Para a realización conxunta de campionatos e outros eventos deportivos.

## **10. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.**

### **10.1. PROCEDEMENTO PARA SOLICITAR A INTERVENCIÓN DO DO.**

1. O Reforzo educativo será unha das medidas para poñer en funcionamento por parte dos **titores/as en primeira instancia** coma medida ordinaria máis inmediata. Poderán contar co apoio do profesor de Pedagogía Terapéutica cando as medidas do titor/a non dean os resultados esperados.

2. Comunicación do titor/a ao Orientador/a.
3. **Cumprimentación por parte do titor/a da solicitude** de intervención do Departamento de Orientación (Ver Anexos) na que se explicará o motivo da demanda.
4. **O Departamento de Orientación inicia un proceso de recollida de datos** para o que é imprescindible a colaboración do equipo docente que imparte clase ao/a alumno/a. O Departamento de Orientación poderá realizar unha avaliación psicopedagóxica si o considera necesario.
5. Unha vez rematado o punto anterior, o **Departamento de Orientación elabora o programa de intervención ou as pautas de intervención**, dependendo do caso, establecéndose os apoios en base aos criterios expostos no apartado 6.3 deste Plan Xeral de Atención á Diversidade:
6. A avaliación da intervención especificarase no propio programa. No caso de que a avaliación non sexa favorable, revisarase outra vez o procedemento e o programa de intervención.

## **10.2. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR AS ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS.**

1. Estudar as necesidades educativas do alumno/a segundo os informes realizados polo Departamento de Orientación.
2. Realizar unha avaliación inicial para confirmar o nivel de competencia curricular en cada área ou materia.
3. Seleccionar os obxectivos xerais, así como os contidos e criterios de avaliación das diferentes áreas no currículo do seu nivel de competencia.

4. Escoller obxectivos, contidos e criterios de avaliación do seu nivel de competencia curricular que coincidan co nivel onde está escolarizado.
5. As Adaptacións Curriculares faranse só naquelas áreas ou materias onde se confirme a imposibilidade de acadar os contidos mínimos con adaptacións curriculares non significativas, e naqueles casos onde se vexa a imposibilidade de adquirir o currículo con outras medidas de atención á diversidade.
6. Os alumnos/as con ACS terán sempre esta como referente nas súas actividades.
7. A temporalización das Adaptacións Curriculares farase coincidir coa programación do grupo de referencia.
8. Os criterios de avaliación para os alumnos/as con ACS serán os establecidos nela.
9. A realización da ACS é responsabilidade do profesor/a de área ou materia, coa axuda e asesoramento do Departamento de Orientación.
10. O profesorado de Pedagogía Terapéutica dará apoio directo ao alumnado nos contidos e competencias establecidos, e traballará ademais a autoestima, a motivación e as habilidades sociais.

#### **11. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.**

A avaliación guía a actividade educativa orientándoa e reconducíndoa, por iso a avaliación deste Plan realizarase de forma continua ao longo do curso dentro da avaliación xeral da nosa práctica docente. Durante o curso planificaranse reunións para atender aos obxectivos propostos no presente Plan, así como a adecuación das medidas postas en marcha para a atención ás necesidades específicas de apoio educativo do noso alumnado. Ao remate do curso, o Departamento de Orientación realizará unha memoria de avaliación de desenvolvemento do presente Plan e das modificacións introducidas nel ao longo do curso, dado a seu carácter aberto e flexible. Esta memoria incorporárase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia á memoria anual do centro.

Ao mesmo tempo emitirase un informe coas propostas a considerar no curso seguinte, tendo en conta os datos achegados polo profesorado que atende directamente aos alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo, como os que nos proporcionen os coordinadores/as de ciclo, mestres/as de apoio, titores/as, equipo directivo, considerando especialmente a información aportada nas sesións de avaliación final de cada grupo.

## Plan Xeral de Atención á Diversidade – CEIPP Sta. M<sup>a</sup> do Castro

O profesorado poderá ter en conta os seguintes puntos de cara a valorar o funcionamento do DO:

-

-	MOITO	SUFIC.	POUCO
GRAO DE PREVISIÓN DAS NECESIDADES DE REFORZO EDUCATIVO.			
NIVEL DE ADAPTACIÓN DA METODOLOXÍA ÁS NECESIDADES DO ALUMNADO.			
GRAO DE ATENCIÓN ÁS NEAE CONTEMPLADO NAS TITORÍAS.			
NIVEL DE ALUMNOS ATENDIDOS POLA MESTRA/E DE PT-AL			
NIVEL DE COORDINACIÓN ENTRE AS TITORÍAS E O PROFESORADO DE APIO (PT-AL)			
RESULTADOS DOS OBRADOIROS DE EXPRESIÓN ORAL			
RESULTADOS DO PROGRAMAS DE TÉCNICAS DE ESTUDO			
RESULTADOS DO OBRADOIRO DE HABILIDADES SOCIAIS E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS			
VALORACIÓN DE OUTRAS ACTIVIDADES PROMOVIDAS POLO D.O.			
NIVEL DE IMPLICACIÓN DO D.O. NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.			
RESPOSTA POR PARTE DO D.O. ÁS DEMANDAS DE VALORACIÓN OU AVALIAICÓNS PSICOPEDAGÓXICAS			

### 12.- ANEXOS

